

## **PROXECTO SECTORIAL**

### **PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA**

#### **ÍNDICE XERAL**

**DOC. I.- MEMORIA**

**DOC. II.- ORDENANZAS REGULADORAS**

**DOC. III.- ESTUDO ECONÓMICO FINANCEIRO**

**DOC. IV.- PLANOS DE INFORMACIÓN**

**DOC. V.- PLANOS DE ORDENACIÓN**

**DOC. VI.- PLANOS DE PROXECTO**

## DOC. I.- MEMORIA

## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	4
2	MARCO LEGAL.....	5
3	XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA.....	7
3.1	OBXECTO DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (en diante PSPEC).....	7
3.1.1	Antecedentes.....	7
3.1.2	Eido e contido do PSPEC.....	7
3.1.3	Definición, obxecto e carácter estratéxico do PSPEC.....	8
3.2	OS INSTRUMENTOS DE INTERVENCIÓN NO PROCESO DE DESEÑO DO PSPEC.....	10
3.2.1	O Proxecto Sectorial.....	10
3.2.1.1	Determinacións:.....	11
3.2.1.2	Contido documental.....	11
3.2.2	Xustificación do Interese Público ou Utilidade Social, de Carácter Supramunicipal, do PSPEC.....	12
3.2.3	Idoneidade do emprazamento elixido.....	14
3.2.3.1	Localización do eido do PSPEC.....	14
3.2.3.2	Dimensión do eido.....	14
3.2.3.3	Conexións viarias.....	14
3.2.3.4	Conexións Ferroviarias.....	15
3.2.4	Análise das Directrices de ordenación do territorio(DOT).....	17
3.2.5	O proceso de desenvolvemento do PSPEC e de Execución do Proxecto Sectorial.....	19
3.2.5.1	Entidades e Administracións actuantes: Identificación completa da Administración pública ou persoa xurídica promotora do Proxecto Sectorial e responsable da súa execución.....	19
3.2.5.2	Sistema elixido para a obtención do solo.....	19
3.2.5.3	Obrigas asumidas polo promotor do proxecto.....	19
3.2.5.4	Desenvolvemento do Proxecto Sectorial.....	19
3.2.6	Principais magnitudes económicas do PSPEC.....	20
3.2.7	Os efectos de implantación do PSPEC.....	20
3.3	A ÁREA DE CERCEDA COMO LOCALIZACIÓN IDÓNEA.....	21
3.3.1	Carácterización sociodemográfica do Área.....	21
3.3.2	Marco socioeconómico da actuación.....	26
3.3.3	Actividade económica no Concello de Cerceda.....	27
3.3.4	Infraestruturas territoriais da Área.....	28
3.3.4.1	Rede de estradas.....	28
3.3.4.2	Portos.....	29
3.3.4.3	Rede ferroviaria.....	30
3.3.4.4	Aeropostos.....	30
3.4	O PSPEC NA ÁREA DE INFLUENCIA.....	31
3.4.1	A oferta inmobiliaria industrial na Área da Coruña.....	31
3.4.2	Plan sectorial de áreas empresariais.....	31
3.4.3	A oferta de solo industrial na zona de influencia da comarca e no concello de Cerceda.....	31
3.4.4	Orientacións de mercado: a demanda de instalación industriais no eido de estudo.....	32
4	INFORMACIÓN TERRITORIAL.....	34
4.1	DESCRICIÓN DO EIDO.....	34

4.2	IMPLANTACIÓN TERRITORIAL NO MUNICIPIO.	34
4.3	PLANEAMENTO VIXENTE.	34
4.4	CARACTERÍSTICAS XERAIS DO EIDO	34
4.5	CARACTERÍSTICAS MEDIOAMBIENTAIS.	36
4.5.1	Medio físico.	36
4.5.1.1	Xeoloxía.	36
4.5.1.2	Edafoloxía.	37
4.5.1.3	Topografía	37
4.5.1.4	Climatoloxía.	37
4.5.1.5	Hidroloxía.	38
4.5.2	Medio Biótico	38
4.5.2.1	Flora.	38
4.5.2.2	Fauna.	38
4.5.2.3	Elementos ou formacións de interese natural.	39
4.5.3	Medio cultural e patrimonial.	39
4.6	USOS DO SOLO E A EDIFICACIÓN.	39
4.7	ESTRUTURA DA PROPIEDAD.	40
5	ORDENACIÓN.	45
5.1	OBXECTIVOS E CRITERIOS DA ORDENACIÓN.	45
5.2	DESCRICIÓN XERAL DA SOLUCIÓN ADOPTADA.	47
5.3	ACCESOS E REDE VIARIA E APARCADOIROS.	49
5.4	ORGANIZACIÓN PARCELARIA E USOS.	50
5.5	XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DO APROVEITAMENTO DE SECTOR.	50
5.5.1	Zonificación.	50
5.5.2	Aproveitamento.	51
5.6	XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS RESERVAS DO SOLO PARA DOTACIÓNS.	54
5.6.1	Reserva de solo para o sistema de espazos libres públicos.	54
5.6.2	Reservas de solo para o sistema de equipamentos.	54
5.6.3	Reserva de solo para aparcadoiros de vehículos.	54
5.7	INFRAESTRUTURAS.	57
5.7.1	Infraestruturas internas no Parque Empresarial de Cerceda	57
5.7.1.1	Rede de abastecemento de auga potable e rego.	57
5.7.1.2	Rede de hidrantes.	59
5.7.1.3	Rede de saneamento	59
5.7.1.4	Rede de Enerxía eléctrica en MT e BT.	62
5.7.1.5	Rede de Alumado público.	63
5.7.1.6	Rede de Telefonía e telecomunicacións.	64
5.7.1.7	Rede de Gas.	64
5.7.1.8	Xestión de residuos	66
5.7.2	Infraestruturas externas do Parque Empresarial de Cerceda.	67
5.7.2.1	Conexión Exterior de Abastecemento de auga potable.	67
5.7.2.2	Acometida Eléctrica.	67
5.7.2.3	Conexión coa Rede de Telecomunicacións.	67
6	INCIDENCIA TERRITORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL	68
6.1	IMPACTO SOBRE O MEDIO FÍSICO	68

6.1.1	Impacto sobre a atmosfera .....	68
6.1.2	Impactos sobre a hidroxía.....	68
6.1.3	Impacto sobre a edafoxía .....	69
6.2	IMPACTO SOBRE O MEDIO BIÓTICO .....	69
6.2.1	Impactos sobre a flora .....	69
6.2.2	Impactos sobre a fauna .....	70
6.3	ANÁLISE DO IMPACTO SOBRE A PAISAXE .....	70
6.4	ANÁLISE DO IMPACTO SOBRE O MEDIO SOCIOECONÓMICO .....	71
6.5	CONCLUSIÓNS .....	71

## 1 INTRODUCCIÓN

Conforme á Lei 10/1995, do 23 de Novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia e, especificamente, ao artigo 9.1 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se aproba o regulamento sobre Plans e Proxectos Sectoriais de Incidencia supramunicipal, e á vista da indubidable transcendencia territorial do proxecto acometido, o carácter supralocal da cal é resultado específico das súas especiais características estratéxicas, magnitude e importancia, o Instrumento de Ordenación requirido pola lexislación vixente para regular a súa implantación, correspóndese coa figura do PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL prevista no artigo 9.1º.-) do citado Decreto.

O presente documento constitúe a DOCUMENTO DE MEMORIA URBANÍSTICA DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA, que se formula á fin de establecer a regulación detallada, definindo as pautas pormenorizadas da implantación do parque, así como os criterios de deseño, ás características funcionais coa finalidade de alcanzar a súa inserción efectiva na área Territorial na que se implanta, así como as condicións que garantan a súa accesibilidade e dispoñibilidade racional dentro dela.

De acordo co exposto, o PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA ten por obxecto garantir a axeitada inserción do Parque Empresarial no territorio, e a súa conexión coas redes e servizos correspondentes sen menoscabo da funcionalidade dos existentes, a súa adaptación ao eido no que se proxecta e a súa articulación coas determinacións do plan urbanístico municipal vixente.

O PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA forma parte das medidas orientadas a potenciar o tecido industrial e a creación de emprego no municipio procedendo á transformación de solo necesaria para a implantación de actividades relacionadas fundamentalmente ao comercio, a industria e a almacenaxe e distribución.

A actuación que se pretende está promovida por Xestión Urbanística de A Coruña S.A. (XESTUR A CORUÑA), empresa pública de promoción de actuacións urbanísticas, participada polo Instituto Galego da Vivenda e o Solo (I.G.V.S) e a Excma. Deputación Provincial de A Coruña.

## 2 MARCO LEGAL.

Respecto ao marco legislativo e as abreviaturas, por orde alfabética, aplicadas aos textos normativos mais frecuentemente utilizados no presente PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (en diante PSPEC) son as seguintes:

<b>AAG</b>	Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
<b>CAEPE</b>	Real Decreto 505/2007, de 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións.
<b>CTE</b>	Real Decreto 316/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.
<b>EIA</b>	Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
<b>LAG</b>	Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.
<b>LASB</b>	Lei 8/1.997 del 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia.
<b>LCE</b>	Lei 25/1998, de 29 de xullo, de estradas.
<b>LCG</b>	Lei 4/1994, de 14 de setembro, de estradas de Galicia.
<b>LCIG</b>	Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
<b>LEPMA</b>	Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
<b>LOUG</b>	Lei 9/2002 de 30 de decembro, coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004 de 29 de decembro; pola Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia; pola Lei 3/2008, de maio de ordenación da minería en Galicia; pola Lei 6/2008, de 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo e pola Lei 18/2008, de 29 de decembro, de vivenda de Galicia.
<b>LOT</b>	Lei 10/1995, do 23 de Novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia.
<b>LPAG</b>	Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.
<b>LPCCA:</b>	Lei 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica.
<b>LPCG</b>	Lei 8/1995, de 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia.
<b>LPCS</b>	Lei 3/1996, de 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago.
<b>LPHE</b>	Lei 16/1985, de 25 de xuño del patrimonio histórico español.
<b>LPPG</b>	Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia
<b>LPRG</b>	Lei 5/2006 de 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos Ríos Galegos.
<b>LR</b>	Lei 37/2003, de 17 de novembro de ruído

<b>LS</b>	Real Decreto Legislativo 2/2008 de 20 de xuño polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo.
<b>LSF</b>	Lei 39/2003, de 17 de novembro, do sector ferroviario.
<b>PHA</b>	Decreto 571/1963 de 14 de marzo sobre protección de escudos, emblemas, pedras heráldicas, rollos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico artístico
<b>PHC</b>	Decreto 449/73 de 22 de febreiro polo que se colocan baixo a protección do Estado os hórreos e cabazos antigos existentes en Galicia e Asturias.
<b>RASB:</b>	Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia.
<b>RCE:</b>	Decreto 1812/1994, de 2 de setembro, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas estatais.
<b>RD:</b>	Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.
<b>RDPH:</b>	Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, polo que se aproba o regulamento do dominio público hidráulico.
<b>RPCA:</b>	Decreto 150/1999, de 7 de maio, polo que se aproba o regulamento de protección contra a contaminación acústica.
<b>RSCI:</b>	Real Decreto 2267/2004, de 3 de decembro, polo que se aproba o regulamento de seguridade contra incendios dos establecementos industriais.
<b>RPPS:</b>	Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.
<b>RSF:</b>	Real Decreto 2387/2004, de 29 de marzo, polo que se aproba o regulamento do sector ferroviario.
<b>RXU:</b>	Regulamento de Xestión Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana, aprobado polo Real Decreto 3288/1978, de 25 de agosto.



### **3 XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA.**

#### **3.1 OBXECTO DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (en diante PSPEC)**

##### **3.1.1 Antecedentes.**

A aplicación de políticas orientadas a potenciar o tecido industrial e crear emprego no municipio de Cerceda está sendo chave para neutralizar as consecuencias do esgotamento das reservas do xacemento de lignito de Meirama a finais de 2007 e mais o consecuente peche da central térmica que, nos anos 80, marcara a transformación industrial dun municipio cuxa base económica sustentárase ata aquel momento nas actividades agropecuarias. Con todo, o proceso de diversificación industrial e a implantación de novas empresas en Cerceda remóntase xa a comezos dos anos 90, coa creación de Sogama (Sociedade Galega de Medio Ambiente) e co xurdimento de proxectos empresariais vinculados aos sectores produtivos e de servizos. Este desenvolvemento industrial acelerouse aínda máis a finais dos 90, cando se instalou as primeiras empresas no polígono industrial do Acevedo.

O Concello de Cerceda, adiántase ao cese da actividade en Meirama e minimiza así o impacto laboral que este peche podía ter sobre o municipio. No reforzamento das perspectivas económicas do termo tamén desempeña un papel determinante a clasificación de Cerceda como municipio RECHAR por parte da UE, pois representa a obtención dunha serie de apoios, canalizados a través do Plan MINER do Ministerio de Industria, orientados á reindustrialización do municipio e a promover a localización de proxectos de investimento empresarial.


O Plan Miner ten a finalidade da reestruturación da minaría do carbón e o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras. O obxecto do Plan é a atenuación das consecuencias socioeconómicas inherentes á diminución paulatina da actividade no sector derivada da redución paralela das axudas públicas. O Plan de Desenrolo Alternativo das Comarcas Mineiras, incluído no citado Plan 2006-2012, contempla tres liñas de actuación: infraestruturas, proxectos empresariais e formación. O municipio directamente afectado é o de Cerceda, onde no prazo máximo de dous anos cerrárase a explotación de lignito pardo. A aplicación do MINER concrétese en axudas a fondo perdido ao investimento de proxectos empresariais xeradores de emprego nunha serie de convocatorias anuais e sucesivas que van de 2006 a 2012 e ás que se poden acoller todas aquelas empresas públicas ou privadas, cooperativas, traballadores autónomos, etc, cun proxecto de investimento.

Esta clasificación supón tamén un importante investimento en infraestruturas viarias para a conexión do parque empresarial coas principais vías de comunicación galegas. Con estas novas vías Cerceda sitúase a menos de 20 minutos de tódolos servizos da Coruña -co que suporá no futuro a proximidade ao porto exterior-, Santiago, Arteixo, Carballo e dos aeroportos de Lavacolla e Alvedro. A todo isto haberá que engadirle no futuro os beneficios que reportará a chegada do tren de alta velocidade, con estación no municipio.

Todas estas circunstancias, unidas aos económicos prezos do solo industrial, abren perspectivas económicas moi boas para o municipio, que se sitúa xa na actualidade como un dos concellos coa renda per cápita máis alta de Galicia e cunha dotación de servizos equiparable á de concellos que contan con moita máis poboación.

##### **3.1.2 Eido e contido do PSPEC.**

O eido en desenvolvemento localízase no concello de Cerceda situado ao noroeste de Galicia na provincia da Coruña. Pertencente á comarca de Ordes, o municipio de Cerceda atópase nunha área de transición entre as terras das Mariñas, Bergantiños e Ordes. Limita ao norte cos municipios da Laracha e Culleredo, ao sur con Ordes e Tordoia, ao leste con Carral e ao oeste con Carballo. A cabeceira do municipio está no lugar de Antemil, antiga vila do Campo da Feira que hoxe en día se coñece polo propio nome do concello, e que se atopa a uns 50 Km de Santiago de Compostela e a uns 30 Km da Coruña, as dúas cidades importantes máis achegadas.

**Cadro Nº1.- Comarca de Ordes en Galicia.**

O enclave escollido para a súa implantación, cunha extensión de 42,06 Ha de extensión localízase ao nordés do municipio de Cerceda, no val que orixina o Río Barcés ao sur do núcleo Sobre da Fonte, no Lugar de Gandarouta pertencente á Parroquia de San Martiño de Cerceda (coordenadas UTM 543900, 4781339).

O PSPEC atópase delimitado polo oeste pola vía de ferrocarril, polo norte co río Cerceda e coa estrada autonómica AC-2405 que conecta coa estrada AC-523, polo este cunha estrada municipal e polo sur con terreos destinados o aproveitamento agrícola e gandeiro e coa estrada autonómica AC-2402. O PSPEC atópase situado ao oeste da Central térmica de Meirama e das instalacións de SOGAMA, e próximo ao polígono industrial de Acevedo.

A proximidade dos Portos de A Coruña e Ferrol, así como a facilidade de acceso ás redes de transporte que proporcionan a A-6 (Coruña - Madrid), a AP-9 (Coruña - Vigo) e a AG-55 (Coruña - Carballo), dotarán á nova implantación dun enorme potencial como elemento aglutinador de actividades secundarias e terciarias asociadas ineludiblemente á funcionalidade dos accesos e as infraestruturas de transporte.


**3.1.3 Definición, obxecto e carácter estratéxico do PSPEC.**

O PSPEC constitúe unha área industrial cualificada de concentración de actividades produtivas, disposta sobre un eido territorial de 42,06 Ha, situado estratéxicamente no Concello de Cerceda, nas proximidades da Área Metropolitana de A Coruña, e con acceso a través da vía AC-523 coa Autovía A-6, e dende esta con acceso á Autopista AP-9, AG-55 e aos futuros Portos Exteriores de A Coruña e de Ferrol.

A oferta de solo industrial planificado exerce unha influencia destacada na dinámica investidora (atracción e fixación de empresas industriais), na localización axeitada dos establecementos produtivos e a consolidación de actividade dentro de cada rexión.

O déficit ou ausencia no mercado do solo produce unha perda potencial de oportunidades de inversión e desenvolvemento industrial, ao tempo que imposibilita a expansión ou crecemento ordenado das empresas industriais que necesitan ampliar o seu espazo produtivo.

## Cadro Nº2.- Comunicacions do PSPEC



Dende o punto de vista territorial, a oferta de solo industrial, froito dunha planificación previa en localización e volume, é sen dúbida un factor vertebrador do territorio que contribúe de forma manifesta a paliar as disparidades intrarrexionais, dado que crea oportunidades sobre a base dun racional uso do solo.

Por outra parte, das aglomeracións de empresas en Parques Empresariais e Industriais derivan múltiples vantaxes, como os aumentos na produtividade que se conseguen nun ambiente propicio para iso, así como ás relacións comerciais entre empresas, e á fluidez con que se transmiten informacións beneficiosas para o mercado e a libre competencia.

Factores de localización, que xunto á dinámica económica dunha rexión, a existencia de boas comunicacións, o prezo competitivo do solo e a cualificación da man de obra, fan posible que unha zona sexa atractiva para as empresas.

En síntese, o espazo socioeconómico conformado polo Concello de Cerceda pode describirse segundo os seguintes parámetros básicos dende o punto de vista socioeconómico:

- Existe a vontade de crear políticas orientadas a potenciar o tecido industrial e crear emprego no Concello de Cerceda como elemento de compensación para neutralizar as consecuencias do esgotamento das reservas da Industria Enerxética. Preténdese minimizar o impacto laboral da diminución da potencia da Industria Enerxética e reforzar as perspectivas económicas do termo
- Procédese estratéxicamente a instaurar no Concello un proceso de diversificación industrial coa implantación en solo industrial de Cerceda de novas empresas, feito que se está a producir dende comezos dos anos 90.

O escenario actual constitúe unha clara oportunidade de mercado para o novo establecemento de solo industrial no Concello de Cerceda, como se pon de manifesto nos seguintes feitos:

- O incremento poboacional pola vía da inmigración configúrase como un factor determinante para o

desenvolvemento dos espazos territoriais, actuando como demandante de equipamentos, servizos e infraestruturas. Reciprocamente, a implantación destas xera, á súa vez, focos de atracción estimulando os movementos poboacionais. O proceso de retroalimentación producido por estes movementos recorrentes é un aval para o desenvolvemento e modernización das rexións.

- As novas infraestruturas portuarias actualmente en proxecto, dinamizarán o fluxo de persoal e de mercadorías, e favorecerán o establecemento dos medios de produción nas proximidades dun centro intermodal das dimensións do futuro Porto Exterior, facendo ineludible o desenvolvemento de solo industrial.
- A importancia estratéxica de Cerceda -determinada polas Vías de Alta Capacidade A-6 e AP-55 e o futuro Porto Exterior-, outórgalle un papel preponderante como elemento aglutinador da demanda de solo industrial da Área Metropolitana de A Coruña.
- Nun escenario protagonizado pola industrialización asociada ao parque empresarial de Acevedo, e a terciarización subseguinte derivada da aparición dunha armazón de industrias relacionadas; a promoción de novo solo empresarial responderá ás necesidades de expansión do tecido industrial existente e estimulará a implantación de novas actividades.

## 3.2 OS INSTRUMENTOS DE INTERVENCIÓN NO PROCESO DE DESENROLO DO PSEPC.

### 3.2.1 O Proxecto Sectorial.

A Lei 10/1995, do 23 de Novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia destacou na súa Exposición de Motivos que "os tradicionais instrumentos de ordenación ofrecidos pola normativa urbanística mostráronse -na práctica- insuficientes á hora de abordar a corrección dos desequilibrios territoriais de carácter socioeconómico, ou a coordinación das actuacións territoriais supramunicipais". Sobre esta base de principio, a Lei 10/1995, ao definir os novos instrumentos aos que encomenda a función da Ordenación do Territorio, perfila no seu Capítulo Quinto a figura dos Plans e Proxectos Sectoriais de Incidencia supramunicipal que, de acordo co seu artigo 22º), teñen como específica finalidade, "regular a implantación territorial das infraestruturas, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social a incidencia da cal transcenda ao termo municipal en que se sitúen, pola súa magnitude, importancia ou especiais características, ou que se asenten sobre varios termos".

Posteriormente por RPPS, apróbase o desenvolvemento regulamentario relativo aos Plans e Proxectos Sectoriais de incidencia supramunicipal, separando a funcionalidade de ambas as dúas figuras e especificándose que os Proxectos Sectoriais, na medida en que teñen como finalidade regular, en detalle, a implantación dunha infraestrutura, dotación ou instalación prevista de forma concreta e determinada, poderán redactarse en desenvolvemento de Plans Sectoriais previamente aprobados, ou formularse independentemente, sen a previa existencia dun Plan Sectorial.

Consecuentemente con todo iso, tendo en conta que non se trata de establecer aquí as condicións xerais para o desenvolvemento futuro dun determinado tipo de instalacións ou infraestruturas, senón que o que se pretende é regular en detalle a implantación dunha actividade determinada prevista, ademais, de forma concreta; e á vista da indubidable transcendencia territorial do proxecto e da súa utilidade e interese supralocal, o Instrumento de Ordenación requirido pola lexislación vixente para regular a súa implantación, correspóndese coa figura elixida: O PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL prevista no art. 9.1º.-) do citado Decreto.

### 3.2.1.1 Determinacións:

De conformidade co indicado no artigo 9º.-) do RPPS o Proxecto Sectorial conterá as seguintes determinacións:

- Delimitación do eido territorial do Parque Empresarial e das dotacións – instalacións necesarias para o seu funcionamento.
- Xustificación do interese público e utilidade social da instalación.
- Descrición detallada das características técnicas do Parque Empresarial.
- Medidas de corrección e minimización dos impactos producidos sobre o territorio físico.
- Medidas de articulación co planeamento urbanístico e cos demais instrumentos de ordenación do territorio vixentes.
- Prazo para a execución das obras.
- Identificación da Administración Pública e persoa xurídica promotora do Proxecto Sectorial e responsable da súa execución, con referencia ás obrigas asumidas polos mesmos.

### 3.2.1.2 Contido documental.

O PSPEC, atendendo ao artigo 10º.-) do RPPS consta dos seguintes documentos:

- Memoria descriptiva detallada do eido territorial afectado (información) e das características técnicas da instalación (ordenación).
- Memoria xustificativa do interese público ou utilidade social de carácter supramunicipal da instalación, así como da idoneidade da localización elixida, da viabilidade económico – financeira da actuación e xustificación do acomodo do proxecto sectorial aos instrumentos de ordenación do territorio vixentes.
- Estudo da incidencia territorial da actuación, de xeito especial sobre os núcleos de poboación, usos do solo, infraestruturas, equipamentos, e servizos, proteccións e afeccións urbanísticas e ambientais e medios de corrección ou minimización de impactos.
- Xustificación do cumprimento das normas de aplicación directa contidas nos artigos 104º.-) ao 106º.-) da LOUG.
- Análise da relación do contido do proxecto sectorial co planeamento urbanístico vixente, determinando as posibles discrepancias e xustificando as medidas que impliquen a necesaria modificación do dito planeamento.
- Regulamentación detallada do uso pomenorizado, volume, características técnicas e funcionais, condicións de deseño e adaptación ao ambiente das actuacións obxecto do Proxecto Sectorial.
- Planos de situación a escala axeitada de planos de clasificación e cualificación dos terreos, obtidos do planeamento urbanístico vixente, planos que reflicten a ordenación proposta, planos do trazado e de características dos accesos viarios, das redes de condución e distribución, e das edificacións e usos do solo necesarios para o adecuado funcionamento daquelas.
- Estudo de Impacto Ambiental de acordo coa lexislación vixente en materia de tramitación de Proxectos Sectoriais.

O RPPS, establece no seu artigo 10º.j.-) referente ao trámite de autorización dos proxectos sectoriais, o requisito de “Avaliación de impacto ambiental da infraestrutura, dotación ou instalación que se prevé executar, de conformidade co disposto pola Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia e a normativa que a desenvolve”.

Para dar cumprimento a esta norma, o Proxecto Sectorial presenta un Estudo de Impacto Ambiental, que cumpre

coa lexislación vixente en materia de avaliación de impacto ambiental. O Estudo de Impacto Ambiental incorpora unha descrición do contorno ambiental, unha descrición sistemática do proxecto, unha análise e unha valoración dos posibles impactos que terán lugar durante as fases de desenvolvemento do Proxecto Sectorial.

Non se prevé, en liñas xerais, unha gran intensidade dos impactos negativos, xa sexa en fase de obra como de explotación.

Ao respecto da fase de explotación, cabe subliñar que actuacións de ordenación do territorio deste tipo, teñen en xeral un efecto positivo sobre o medio ambiente e sobre o desenvolvemento sostible, dado que permite adoptar solucións conxuntas a problemas ambientais comúns, e a mellora da eficiencia global da actividade empresarial e industrial en termos de custos ambientais.

A partir da relación de impactos severos e outros impactos de menor importancia pero que presentan grandes oportunidades de ser minorados, establécense as medidas de integración ambiental do parque, tanto durante a fase de obra como durante a fase de explotación, indicando entre estas últimas un conxunto de ordenanzas de índole ambiental.

A execución destas medidas e a aplicación das ordenanzas propostas permiten prever un impacto negativo do seu conxunto de carácter COMPATIBLE, sendo o efecto global da implantación do parque POSITIVO tanto para a integración ambiental do desenvolvemento empresarial e industrial da comarca, como para as previsións do desenvolvemento social e económico que se desexa impulsar co Plan Sectorial.

Finalmente redáctase un plan de vixilancia ambiental que será desenvolvido no proxecto técnico de urbanización como proxecto de programa de vixilancia ambiental, e que permitirá o control do cumprimento das medidas correctoras e a detección e solución de impactos non previstos.

Este contido documental e de determinacións deben complementarse coas establecidas na lexislación urbanística, para acadar o pormenor documental e o nivel de determinacións de ordenación urbanística propio do planeamento parcial.

### **3.2.2 Xustificación do Interese Público ou Utilidade Social, de Carácter Supramunicipal, do PSPEC.**

A incidencia e interese público supramunicipal, de conformidade co art. 22. 1º da Lei de Ordenación do Territorio de Galicia, xustifícase baseándose nos argumentos seguintes:

a) Influencia do Plan Nacional de Reserva Estratéxica do Carbón e novo Modelo de Desenrolo Integral e Sostible das Comarcas Mineiras na Provincia de A Coruña.

Entre os obxectivos que se sinalan no Plan Nacional está o de encauzar o proceso de ordenación da minería do carbón, tendo en conta os aspectos sociais e rexionais derivados da mesma, así como o de atenuar o impacto que produce a perda dos postos de traballo no sector fomentando a creación de emprego alternativo ao monocultivo do carbón mediante o apoio a proxectos empresariais xeradores de emprego, a potencialización dos recursos humanos das comarcas financiando actividades de formación e a creación de infraestruturas.

O Plan pretende, entre outras actuacións, as de crear un novo modelo de desenrolo integral e sostible das comarcas mineiras dada a continuada situación de crise, as sucesivas reconversións e a histórica dependencia do carbón nas comarcas mineiras e afrontar, os elevados niveis de desemprego e alta dependencia da industria do carbón, como política de reactivación da zona. As aptitudes profesionais requiridas pola minería non se adaptan facilmente a outras industrias ou actividades económica se a poboación tende a buscar traballo noutras comarcas sufrindo grandes dificultades para incorporarse ao mercado laboral.

Un dos mecanismos de axuda que propón o Plan Estatal é o apoio aos proxectos de inversión empresarial, e

á aplicación de políticas orientadas a potenciar o tecido industrial co obxectivo de xerar e asentar emprego no municipio, aspecto este clave para neutralizar as consecuencias do esgotamento da actividade mineira, polo que debe entenderse o PSPEC como unha consecuencia do Plan Estatal.

A resposta do PSPEC non se limita ao eido do municipio de Cerceda, senón que a súa implantación por ser resposta a unha política que emana do Plan Estatal abrangue outros Concellos a través de dúas liñas de influencia o que lle aporta o carácter supramunicipal á actuación. Neste senso o propio Plan mostra a influencia explícita de axudas promovidas polo propio Plan Estatal, de modo que como se mostra no Anexo VI, abrangue a outras comarcas limítrofes como a de Bergantiños (municipios de Carballo e A Laracha) e de A Coruña (municipios de Carral e Culleredo) e de maneira directa en municipios da propia comarca na que se asenta Cerceda como é o caso de Ordes, polo que debe entenderse que o Plan ten influencia directa sobre o eido supramunicipal e co obxectivo fundamental de contribuír a propiciar a transición das comarcas mineiras a unha estrutura económica asentada sobre o desenvolvemento de actividades económicas de maior valor engadido e de maior calidade dos recursos humanos.

- b) A resposta do PSPEC contribúe ao desenvolvemento sostible social e económico da Comarca de Ordes, as comarcas limítrofes, e en consecuencia Galicia:

A nova implantación configúrase como un Complexo de Actividades Económicas, na medida en que constitúe unha zona de concentración de actividades económicas e empresariais de carácter multifuncional, desempeñando unha función estratéxica, en íntima relación co Nodo Loxístico da Área Metropolitana de A Coruña e a súa relación co territorio da propia provincia de A Coruña (Santiago – Ferrol - A Coruña a través da AP-9, Carballo – Arteixo – Costa da Morte a través da A-6), da rexión (Lugo a través da A-6, Vigo Pontevedra a través da AP-9) e o territorio nacional e internacional (a través de portos e aeroportos).

O PSPEC constitúe un complexo multifuncional con potencialidades de desenvolvemento a curto, medio e longo prazo, tanto para a prestación conxunta de servizos á totalidade do conxunto, como para potenciar a súa proxección a escala rexional, nacional e internacional.

A promoción do novo Parque Empresarial entronca perfectamente coas directrices económicas e de desenvolvemento propugnadas polo Goberno Central e a Xunta de Galicia, no sentido de acometer actividades investidoras no escenario definido polo Plan de Reactivación de Galicia 2.003 - 2.006.

- c) O PSPEC resposta ás necesidades creadas na Área Metropolitana Coruñesa.

As novas infraestruturas portuarias actualmente en proxecto, dinamizarán o fluxo de persoal e de mercadorías, e favorecerán o establecemento dos medios de produción nas proximidades dun centro intermodal das dimensións do futuro Porto Exterior, facendo ineludible o desenvolvemento de solo industrial.

A importancia estratéxica da comarca de Ordes -determinada pola súa proximidade ás Vías de Alta Capacidade A-6, AP-9 e AG-55 e o futuro Porto Exterior-, outórgalle un papel preponderante como elemento aglutinador da demanda de solo empresarial próximo á Área Metropolitana de A Coruña.

- d) O Parque de Actividades Económicas de nova creación, un equipamento para o desenvolvemento rexional.

A oferta de solo industrial planificado exerce unha influencia destacada na dinámica investidora (atracción e fixación de empresas industriais), na localización axeitada dos establecementos produtivos e a consolidación de actividade dentro de cada rexión.

O déficit ou ausencia no mercado do solo produce unha perda potencial de oportunidades de inversión e desenvolvemento industrial, ao tempo que imposibilita a expansión ou crecemento ordenado das empresas industriais que necesitan ampliar o seu espazo produtivo.

Dende o punto de vista territorial, a oferta de solo industrial, froito dunha planificación previa en localización e

volume, é sen dúbida un factor vertebrador do territorio que contribúe de forma manifesta a paliar as disparidades intrarrexionais, dado que crea oportunidades sobre a base dun racional uso do solo.

e) Poboación beneficiaria da Instalación.

Dada a súa natureza, resultará directamente beneficiaria a poboación do Concello de Cerceda, así como por extensión as comarcas de Ordes, Bergantiños toda a Mancomunidade de A Coruña e a súa Área Metropolitana, xerando sinerxías moi claras con respecto á totalidade da Provincia de A Coruña.

f) Equilibrio dos nodos de poboación en relación cos parques empresariais máis próximos á Área Metropolitana de A Coruña.

Á vista do exposto nos apartados anteriores, pódese chegar á valorar a grande importancia económica e social das actividades que se poidan levar a cabo no PSPEC e pódese concluír que é manifesta a súa utilidade pública e que esta non se restrinxe a un eido estritamente municipal senón que a súa incidencia supramunicipal se estende a toda a Comunidade Galega e mesmo, pola súa posición e comunicación ao territorio nacional.

### 3.2.3 Idoneidade do emprazamento elixido.

#### 3.2.3.1 Localización do eido do PSPEC.

A localización do PSPEC foi elixida en función das oportunidades estratéxicas que a área de Cerceda brinda para esta función á que debemos unir a oportunidade que brinda o Plan Nacional de Reserva Estratéxica de Carbón 2006 – 2012.

A superficie seleccionada para localizar o futuro Parque Empresarial atopase situada no municipio de Cerceda, con acceso a través da estrada AC-523 ás Autovías A-6 e AG-55, e dende aquela á Autopista AP-9.

A relativa proximidade coa costa, concretamente dos Portos de A Coruña e Ferrol, así como a facilidade de acceso ás redes de transporte que proporcionan as mencionadas estradas, dotan ao PSPEC dun enorme potencial como centro integrador de industrias.

#### 3.2.3.2 Dimensión do eido.

O desenvolvemento do PSPEC correspóndese cunha superficie de 42,06 Ha, das cales na maior parte da súa superficie (40,07 Ha) está clasificada polas Planeamento Vixente como solo non urbanizable normal e unha pequena parte (1,99 Ha) como solo non urbanizable de protección de ribeiras e embalses.

Segundo a disposición transitoria primeira apartado f) da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, “ao solo clasificado polo planeamento vixente como non urbanizable ou rústico aplicaráselle integramente o disposto nesta lei para o solo rústico”.

Dispoñer dunha área continua de solo de case 45 Ha, resulta extremadamente complicado nunha Comunidade como a galega, caracterizada pola dispersión dos seus asentamentos poboacionais, a ocupación difusa do seu territorio, e unha estrutura parceira hiperfragmentada e disposta en minifundio.

Ante esta situación, o enclave escollido na área do Concello de Cerceda, constitúe un feito singular, ao presentar un número reducido de restricións antrópicas (edificións, servizos ou infraestruturas existentes), que, xunto á posición con respecto ás Vías de Alta Capacidade o converten nunha zona especialmente axeitada para a implantación dunha infraestrutura das dimensións descritas.

#### 3.2.3.3 Conexións viarias:

Como xa se ten indicado o PSPEC conéctase ás Estradas de Alta Capacidade a través da Estrada AC-523, estrada de recente construción pertencente á rede primaria básica e que comunica a Central Térmica de



Meirama coa Autovías A-6 e coa futura Terceira Ronda de A Coruña.

Así mesmo, a Autovía A-6 (A Coruña - Madrid), que arranca do enlace en Arteixo coa AG-55, o facilitará, xunto coa Autopista AP-9, unhas comunicacións rápidas e fluídas co resto de España e a Eurorexión.

A autoestrada de peaxe do Atlántico (AP-9) serve de vía de conexión co resto de Galicia, concretamente coas cidades de Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo. Actualmente esta autoestrada circunvala a cidade de Vigo ata Puxeiros, e está prevista a súa prolongación ata a fronteira Portuguesa.

A conexión coa Costa dá Morte realízase a través da Autovía AG-55 (A Coruña - Carballo) e a estrada autonómica C-552, cara a Fisterra, á que acompañará nun futuro próximo coa AG-14.

Todas estas vías de comunicación principais complementanse cunha basta rede de estradas nacionais, autonómicas, provinciais e municipais que dotan de accesibilidade a todos os núcleos da Eurorexión.

#### **3.2.3.4 Conexións Ferroviarias.**

Como consecuencia da apertura dun novo ramal de liña ferroviaria, nas proximidades da Central de Meirama tense construído unha estación do AVE Santiago – Coruña que dotará de conexión ferroviaria no seu percorrido Santiago – A Coruña ao PSPEC.

A modo de conclusión pódese indicar que a localización do PSPEC resulta idónea pola súa adecuación ao seu eido de servizo e á situación económica existente.

Pódese indicar que o PSPEC forma parte dun área empresarial – industrial situada nas proximidades da Área Metropolitana da Coruña e con vinculación directa co Porto Exterior da Coruña e que se complementa con outras actuacións como son as do Centro Loxístico del Transporte de Culleredo e os Polígonos de Sabón e Morás en Arteixo.

A accesibilidade ao eido é óptima, xa que a través da estrada AC-523 (Rede Primaria Básica) conéctase directamente coa Autovía A-6, e dende esta coas AP-9 e AG-55, engadir o feito da existencia nas proximidades do eido da Estación de Cerceda do AVE Santiago – A Coruña que conectaría o PSPEC coa rede estatal de ferrocarriles.

A situación do PSPEC con respecto ás infraestruturas aeroportuarias resulta idónea, máis aínda cando se teña executada a Terceira Ronda, que deixaría ao conectado o PSPEC co Aeroporto de A Coruña a menos de vinte minutos.

Dende o punto de vista topográfico o eido móvese entre as cotas 325 e 275. As cotas máis altas coinciden coa zona sur do eido, caendo cara a conca do Río Barcés, situada ao norte do eido.

Todo o indicado incide na idoneidade do emprazamento para a localización do PSPEC, que está garantida pola súa correcta localización, relación coas infraestruturas de rede nacional e europea, asignación de funcións e configuración do seu eido de servizo.

#### **3.2.3.5 •Xustificación do cumprimento das normas de aplicación directa contidas nos artigos 104º.-) ao 106º.-) da LOUG.**



### 3.2.4 Análise das Directrices de ordenación do territorio(DOT)

O parque empresarial de Cerceda considerase situado nunha zona estratéxica. Encontrase dentro da área funcional de Santiago, dando servizo tanto a área urbana de Santiago como a de A Coruña, pola súa proximidade xeográfica e a proximidade ao aeroporto.

Segundo as determinacións das DOT, en todos os casos, a planificación dos espazos para actividades económicas, tanto por ser de nova construción como por reconversión dos existentes, deberá facerse desde a perspectiva da ecoloxía industrial co fin de buscar a eficiencia e contribuír ao desenvolvemento sostible.

O PSPEC forma parte das medidas orientadas a potenciar o tecido industrial e a creación de emprego no municipio procedendo á transformación de solo necesaria para a implantación de actividades relacionadas fundamentalmente ao comercio, a industria e a almacenaxe e distribución.

As DOT fixan entre os seus obxectivos para o solo empresarial establecer criterios de localización e de características dos espazos produtivos que permitan maximizar a súa eficacia para a atracción de actividades, e para a competitividade das empresas da Comunidade.

Dende a perspectiva territorial debe favorecerse que, en cada rexión ou área urbana, se dea un axeitado equilibrio entre dotación global de áreas acondicionadas para estes usos e a demanda procedente de sectores produtivos consumidores de solo para actividades económicas. Lograrase así reducir a necesidade de longos desprazamentos residencia- traballo e favorecer unha mellor integración dos mercados de vivenda e traballo.

O desenvolvemento de novos polígonos debe orientarse cara a zonas exteriores dos núcleos urbanos, favorecendo a relocalización nestes ámbitos de actividades industriais e de tráfico pesado situadas no interior das cidades. Estas localizacións deben buscar unha axeitada situación en relación coas características ambientais do territorio e asociarse aos grandes eixes de transporte e a elementos de transporte colectivo que faciliten a súa relación cos ámbitos residenciais

En todos os casos, a planificación dos espazos para actividades económicas, tanto por ser de nova construción como por reconversión dos existentes, deberá facerse desde a perspectiva da ecoloxía industrial co fin de buscar a eficiencia e contribuír ao desenvolvemento sostible. A planificación destes espazos dende a perspectiva do interese estratéxico da Comunidade realizarase a través do Plan sectorial de solo empresarial de Galicia.

Nas proximidades aos portos exteriores de Coruña é onde deben planificarse, deseñar e reservar as bolsas de solo necesarias para a materialización dos desenvolvementos industriais ou loxísticos vinculados a eles co fin de dar resposta á demanda nos próximos anos. A localización do polígono de Cerceda é idóneo pola súa proximidade ao ferrocarril, portos e aeroportos, así como a súa ubicación entre os corredores de a AG-55 e a A-6 con alta capacidade de acollida de actividades económicas.

O polígono formaría parte do eixo que forman os polígonos industriais implantados ao longo dos corredores de a AG-55 e A-6. O eixo Culleredo-Cerceda presenta un estado de menor impacto ambiental.

As DOT concentran os desenvolvementos do solo industrial relacionado co porto exterior da Coruña no eixo ferroviario A Coruña-Santiago e o seu enlace a Cerceda. Esta zona ten unha crecente demanda cunha diversificación funcional que fai desta ubicación unha oportunidade de implantación de empresas con actividades loxísticas e terciarias. A proximidade aos transporte colectivo e vías de alta capacidade favorece a mobilidade do parque.

Este crecemento industrial orientase a realizar unha oferta flexible para acoller demandas de diverso tipo, dende novas implantacións de grandes industrias a pequenas instalacións orientadas a facilitar o desenvolvemento das súas iniciativas polos emprendedores locais. A conexión destes eixos viarios co porto exterior proporciona unha oportunidade para moitas actividades loxísticas e constitúe un atractivo adicional para captar empresas foráneas

Para a planificación das áreas empresariais as DOT recomendan prever parques estratéxicos nas áreas urbanas de A Coruña e Santiago entre outras. Para determinar a localización das áreas empresariais as DOT recomendan ter en conta as posibilidades de conexión coa rede de estradas de altas prestacións, a rede ferroviaria e os servizos de transporte colectivo.

A ordenación urbanística esfórzase por integrar e reforzar a presenza e o ambiente así como os elementos existentes e completar a súa estrutura viaria e as conexións tanto coa rede viaria xeral como cos solos industriais contiguos.

Trazase unha trama viaria regular que permita ao mesmo tempo obter o maior número posible de parcelas regulares, cunhas proporcións adecuadas ao uso industrial e terciario ao que se destinan.

Realízase unha implantación topográfica óptima, nun espazo con topografía suave, que debe adaptarse en todo o seu perímetro para favorecer a integración paisaxística da actuación e minimizar a incidencia sobre as infraestruturas viarias e os asentamentos próximos.

Establécense uns obxectivos específicos de protección ambiental para dar cumprimento as DOT:

- Compatibilizar o proxecto sectorial co ciclo hidrico optimizando os recursos no marco dun modelo territorial eficiente
- Minimizar os efectos do proxecto sobre a calidade do aire e o cambio climático
- Fomentar a minimización de residuos e a reciclaxe
- Conservar a biodiversidade do territorio
- Protexer e integrar a paisaxe no proxecto

Os criterios de localización dos sistemas de espazos libres e dotacionais, seguen en liñas xerais e os criterios establecidos, no senso de concentrar os espazos verdes nas zonas que presentan as características ambientais mais salientables, (zona cursos de auga existentes), e así crear zonas que pola súa dimensión teñan unas características que as fagan funcionalmente útiles para o seu uso público, complementando este sistema dotacional con reserva para equipamentos que recualifican as zonas dotacionais e en xeral a ordenación do solo industrial existente.

### 3.2.5 O proceso de desenvolvemento do PSPEC e de Execución do Proxecto Sectorial.

#### 3.2.5.1 Entidades e Administracións actuantes: Identificación completa da Administración pública ou persoa xurídica promotora do Proxecto Sectorial e responsable da súa execución.

A actuación urbanística sectorial para a preparación do solo con destino á implantación do PSPEC, promóvese polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e o Instituto Galego da Vivenda e Solo, este último como Administración Actuante.

#### 3.2.5.2 Sistema elixido para a obtención do solo.

A adquisición da totalidade dos inmobles abrangidos pola actuación levarase a cabo, na súa integridade, mediante a súa Expropiación Forzosa, para a que se define tres fases, con posibilidade de subdivisión, de Polígonos Expropiatorios que abranguerá as zonas a totalidade do solo comprendido no perímetro delimitado como eido territorial deste Proxecto Sectorial.

Ao fixarse a expropiación como sistema de actuación, poderá utilizarse a forma de xestión que permita a lexislación de réxime local aplicable e que resulte máis axeitada aos fins de urbanización e edificación previstos no Proxecto Sectorial.

Así mesmo, e aos efectos de poder instar que no acordo de aprobación definitiva do Proxecto Sectorial, o consello de la Xunta de Galicia poida acordar, se é o caso, a declaración de utilidade pública ou interese social das obras e previstos e concretadas no Proxecto Sectorial, así como a necesidade de ocupación para efectos da expropiación dos bens e dereitos necesarios para a súa execución (Artigo 11.5º.D.-) do RPPS e Disposición Final primeira da LOUG), incorpórase á documentación do Proxecto Sectorial a preceptiva descrición física e xurídica individualizada dos bens e dereitos afectados.

Os terreos que, conforme ao Proxecto Sectorial, sexan susceptibles de propiedade privada e, por iso, estean destinados ao tráfico xurídico, serán propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, quen poderá allealos libremente para resarcirse dos investimentos que realicen.

#### 3.2.5.3 Obrigas asumidas polo promotor do proxecto.

Cederanse ao Concello de Cerceda, obrigatoria e gratuitamente e sen cargas, os viais e servizos previstos no proxecto ou proxectos que se redacten para a realización das obras de urbanización, os parques e xardíns públicos, a zona de equipamentos públicos, os aparcadoiros públicos e os terreos precisos para a instalación e funcionamento dos restantes servizos públicos necesarios e que estean especificamente recollidos no Proxecto Sectorial.

O Concello de Cerceda poderá solicitar e obter en todo momento calquera información sobre a marcha das obras, e concorrer á súa inspección por medio de técnicos municipais, en colaboración cos da Administración Actuante.

Aos efectos de que poida concorrer, por medio dos seus representantes e técnicos, a prestar conformidade aos actos de recepción provisional e definitiva das obras de urbanización, convocarase ao Concello de Cerceda coa antelación necesaria pola Administración Actuante. A conformidade do representante municipal coa obra realizada significará a recepción polo Concello, sen máis trámite, dos servizos e terreos de cesión ao seu favor.

#### 3.2.5.4 Desenvolvemento do Proxecto Sectorial

O Proxecto Sectorial, a diferenza dos Plans Sectoriais, definirá de forma pormenorizada as condicións detalladas de implantación dunha infraestrutura ou instalación específica, esgota o proceso instrumental da

ordenación territorial polo que, conseguintemente, nin a LOT nin o RPPS prevén ningún outro Instrumento de ulterior desenvolvemento, que resultase preciso para unha maior definición das condicións desa ordenación.

Consecuentemente con iso, e de acordo co artigo 11.4º.-) do RPPS, as construcións e instalacións de marcado carácter territorial que se concretan e detallan neste Proxecto Sectorial, non precisarán da autorización urbanística autonómica á que fai referencia o artigo 33.2º.f.-) da LOUG.

Así mesmo, segundo se dispón no artigo 11.3º.-) do RPPS, e na Disposición Final Primeira da LOUG, aquelas obras públicas definidas detalladamente neste Proxecto Sectorial que quedan expresamente cualificadas como de marcado carácter territorial, non estarán suxeitas a licenza urbanística nin a ningún dos actos de control preventivo municipal, de acordo coa disposición adicional primeira da LOT. Nestes casos, para o inicio das devanditas obras só se require cubrir un último trámite previo: unha vez aprobado o proxecto das citadas obras públicas a Administración competente porao en coñecemento dos Concellos afectados.

Segundo a configuración regulamentaria establecida no RPPS para o proceso de desenvolvemento e execución de Proxectos Sectoriais, a figura do proxecto técnico de obras, definidor das súas características construtivas e demais aspectos necesarios para a execución das obras - sexan estas de urbanización, ou ben obras de edificación ou instalación- constitúe o paso inmediato seguinte e previo para a execución material das obras de urbanización e edificación consideradas no Proxecto Sectorial.

Resulta así de capital importancia, a distinción recollida no artigo 11º.-), apartados 3º.-) e 4º.-) do RPPS; xa que, no primeiro dos casos, o Proxecto Técnico deberá ser sometido ao coñecemento Municipal, pero non así ao acto de control preventivo que leva consigo a Licenza municipal de obras.

Pola contra, no segundo caso, ese acto de control será sempre preceptivo, polo que se requirirá da oportuna Licenza Municipal para poder materializar os actos de edificación ou uso do solo considerados no respectivo proxecto técnico.

### 3.2.6 Principais magnitudes económicas do PSPEC.

A inversión necesaria para a execución das distintas obras que permitirán o desenvolvemento do PSPEC ascende á cantidade de DEZASEIS MILLÓNS OITOCENTOS CORENTA MIL NOVECENTOS DEZAOITO CON DEZ CÉNTIMOS 16.840.918,10 €.

O presuposto para a adquisición dos terreos afectados polo eido do PSPEC ascende á cantidade de TRES MILLÓNS SETECENTOS OITENTA E CINCO MIL SETECENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (3.785.794,11 €).

O custo dos traballos técnicos necesarios para a execución do Parque ascende a 400.000,00 €.

En consecuencia, a inversión total prevista é de VINTE MILLÓNS SETECENTOS ONCE MIL CENTO CORENTA E SETE EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS iva incluído 20.626.712,21 € iva incluído.

### 3.2.7 Os efectos de implantación do PSPEC.

A nivel global, o PSPEC constituirá un elemento catalizador do desenvolvemento económico das Comarcas de Cerceda e Bergantiños así como da Área Metropolitana Coruñesa, permitindo ás empresas industriais ampliar o seu espazo produtivo e con iso, provocando un efecto dinamizador sobre o emprego, tanto o directo como o inducido a outros sectores.

Para o Concello de Cerceda actuará, ademais, como o motor dunha dinámica investidora, facéndoa atractiva para a fixación das empresas industriais necesarias para a diversificación da súa economía, e como apoio á infraestrutura industrial existente.

### 3.3 A ÁREA DE CERCEDA COMO LOCALIZACIÓN IDÓNEA.

#### 3.3.1 Caracterización sociodemográfica do Área.

Unha vez situado o marco de referencia, acométese o estudo do eido espacial obxecto deste informe baixo o mesmo enfoque metodolóxico, pero coa desagregación a nivel municipal para a comarca situada na zona de estudo e en especial ao propio municipio de Cereda.

Os sete termos municipais que constitúen a comarca de Ordes, cunha superficie global de 755,58 Km<sup>2</sup> e unha poboación de 38.608 habitantes no ano 2008 polo que alcanza unha densidade poboacional global de 51 habitantes/Km<sup>2</sup>, influenciado polo efecto que ten a inclusión dentro da comarca da cidade de Cereda cunha densidade poboacional de 79 habitantes/Km<sup>2</sup>. Cereda, con 5.597 habitantes en 111,27 Km<sup>2</sup> de superficie municipal alcanza unha densidade de 50 habitantes/Km<sup>2</sup>.

**Cadro Nº3.- Comarca de Ordes na Provincia de A Coruña.**



En todo caso a densidade resulta ser inferior á da provincia (143 habitantes/Km<sup>2</sup>) e en menor medida inferior á da Comunidade Galega (94 habitantes/Km<sup>2</sup>).


En relación coas comarcas limítrofes coa comarca de Ordes, en canto á densidade de poboación as máis densamente poboadas son as comarcas de A Coruña e Santiago con densidades de 829 e 231 habitantes/Km<sup>2</sup>. A Comarca de Ordes ocupa en relación coas cinco comarcas limítrofes a quinta posición por detrás das comarcas de Bergantiños con 95 habitantes/Km<sup>2</sup> e a de Betanzos con 58 habitantes/Km<sup>2</sup>.

En relación cos números de vivendas son as comarcas de A Coruña con 179.836 e a de Santiago con 69.371 as que ocupan os primeiros lugares, seguidas das comarcas de Bergantiños e Betanzos con 32.869 e 20.731 vivendas. A comarca de Ordes ocupa o quinto lugar con 15.055 vivendas.

Táboa Nº 1.- Resumo sociodemográfico nas comarcas limítrofes.


		A Coruña	Arzúa	Betanzos	Bergantiños	Ordes	Santiago
Población de Dereito	Homes	185.040	8.842	19.402	34.520	18.949	75.489
	Mulleres	204.249	9.038	20.058	35.768	19.659	83.386
	<b>Total Poboación</b>	<b>389.289</b>	<b>17.880</b>	<b>39.460</b>	<b>70.288</b>	<b>38.608</b>	<b>158.875</b>
Nº de Vivendas	V.U. Principais	127.222	5.805	13.134	22.040	11.220	45.718
	V.U. Non Principais	52.614	2.350	7.597	10.829	3.835	23.653
	<b>Vivendas Totais</b>	<b>179.836</b>	<b>8.155</b>	<b>20.731</b>	<b>32.869</b>	<b>15.055</b>	<b>69.371</b>
Superficie		470	485	677	744	756	689
Densidade		829	37	58	95	51	231
Núcleos de Poboación		536	197	236	515	261	518

Cadro Nº4.- Gráfico das distribucións de poboación e vivenda nas comarcas limítrofes.





**Cadro Nº5.- Gráfico das distribucións de superficie, densidade e número de núcleos de poboación nas comarcas limítrofes.**




Nunha análise dentro da propia comarca, en canto á densidade de poboación o Concello máis densamente poboado son os concellos de Oroso e Ordes con densidades de 90 e 79 habitantes/Km<sup>2</sup>. O Concello de Cereda ocupa en relación ós sete concellos que configuran a comarca a terceira posición cunha densidade de 50 habitantes/Km<sup>2</sup>.

En relación cos números de vivendas son os Concellos de Ordes con 4.941 e o de Oroso con 2.688 os que ocupan os primeiros lugares, seguidos de cerca polo Concello de Cereda cun parque de vivendas de 2.502 unidades.


**Táboa Nº 2.- Táboa resumo sociodemográfico na comarca.**

		Cereda	Frades	Mesia	Ordes	Oroso	Tordoia	Trazo
<b>Población de Dereito</b>	Homes	2.723	1.352	1.522	6.123	3.402	2.089	1.738
	Mulleres	2.874	1.380	1.511	6.411	3.402	2.310	1.771
	<b>Total Poboación</b>	<b>5.597</b>	<b>2.732</b>	<b>3.033</b>	<b>12.534</b>	<b>6.804</b>	<b>4.399</b>	<b>3.509</b>
<b>Nº de Vivendas</b>	V.U. Principais	1.732	829	989	3.653	1.716	1.299	1.002
	V.U. Non Principais	770	100	261	1.288	972	242	202
	<b>Vivendas Totais</b>	<b>2.502</b>	<b>929</b>	<b>1.250</b>	<b>4.941</b>	<b>2.688</b>	<b>1.541</b>	<b>1.204</b>
Superficie		111	81	107	157	73	124	101
Densidade		50	35	29	79	90	36	35
Núcleos de Poboación		36	39	20	60	29	37	40

**Cadro Nº6.- Gráfico das distribucións de poboación e vivenda na comarca.**



**Cadro Nº7.- Gráfico das distribucións de superficie, densidade e número de núcleos de poboación na comarca.**



O municipio de Cerceda conta con 176 entidades singulares e 36 núcleos de poboación distribuídos en 6 parroquias: Cerceda, Encrobas, Meirama, Queixas, Rodís e Xesteda.

En realidade todo o municipio se caracteriza polo grande número de células de poboamento, que xeran unha densidade media de 1,6 entidades por Km<sup>2</sup> de superficie (superior á media galega 1,1 entidades por Km<sup>2</sup>).

Malia as consecuencias dun forte fenómeno emigratorio, a evolución demográfica de Cerceda ao longo do século XX e no que vai do XXI arroxa un saldo positivo que se explica en boa medida pola puxanza industrial das tres

últimas décadas. Segundo os últimos datos oficiais (IGE 2008) Cerceda conta neste momento con 5.597 habitantes, o que supón un incremento do 16,5% respecto aos 4.803 que rexistraba en 1900. Con todo, o municipio alcanzou o seu teito demográfico en 1960, momento no que a súa poboación ascendía a 7.929 persoas, un 65% máis que a comezos de século.

É por isto que, na evolución demográfica do concello, podemos diferenciar dúas etapas ben distintas. A primeira delas, ata os anos 60, caracterizouse por unha notable expansión demográfica. A gran produción agrícola do momento, xunto coas altas taxas de natalidade, axudaron a contrarrestar neste período os efectos da emigración.

Non aconteceu o mesmo a partir dos anos 60, cando as correntes migratorias cara a América e cara ás cidades europeas máis industrializadas e as expropiacións motivadas pola apertura da central térmica de Meirama en 1980 provocaron un notable descenso demográfico. Así, dos 7.929 habitantes de 1960 Cerceda pasou a 7.201 en 1981. Dez anos despois, en 1991, a cifra reducírase ata os 7.015.


Desde mediados dos 90 a mellora das comunicacións, a estabilidade do emprego na industria e o desenvolvemento terciario na Silva e no Campo da Feira son factores que teñen contribuído a estabilizar a poboación e a contrarrestar os efectos dun crecemento vexetativo negativo.

Pode comprobarse no Táboa Nº 3 que a evolución da poboación no Concello en relación coa comarca, provincia e comunidade autónoma, neste pódese comprobar o comportamento cíclico practicamente idéntico que experimentan o Concello de Cerceda e a súa comarca. Dende o ano 1996, a poboación tanto de Cerceda como da súa comarca experimentan un estancamento acompañado dun leve crecemento dende o ano 2006.

**Táboa Nº 3.- Evolución da poboación no Concello de Cerceda, na Comarca de Ordes, na Provincia de A Coruña e na Comunidade Autónoma.**

	Cerceda		Comarca de Ordes		A Coruña		Galicia	
	Poboación	Índice	Poboación	Índice	Poboación	Índice	Poboación	Índice
1981	7.201	100,00	41.224	100,00	1.093.121	100,00	2.811.912	100,00
1986	7.440	103,32	42.316	102,65	1.109.788	101,52	2.844.472	101,16
1991	7.015	97,42	39.644	96,17	1.096.966	100,35	2.731.669	97,15
1996	5.654	78,52	38.074	92,36	1.110.302	101,57	2.742.622	97,54
1998	5.658	78,57	38.007	92,20	1.106.325	101,21	2.724.544	96,89
1999	5.513	76,56	37.912	91,97	1.108.980	101,45	2.730.337	97,10
2000	5.573	77,39	38.161	92,57	1.108.419	101,40	2.731.900	97,15
2001	5.503	76,42	38.193	92,65	1.108.002	101,36	2.732.926	97,19
2002	5.492	76,27	38.189	92,64	1.111.886	101,72	2.737.370	97,35
2003	5.471	75,98	38.454	93,28	1.120.814	102,53	2.751.094	97,84
2004	5.499	76,36	38.442	93,25	1.121.344	102,58	2.750.985	97,83
2005	5.500	76,38	38.396	93,14	1.126.707	103,07	2.762.198	98,23
2006	5.483	76,14	38.351	93,03	1.129.141	103,30	2.767.524	98,42
2007	5.587	77,59	38.412	93,18	1.132.792	103,63	2.772.533	98,60
2008	5.597	77,73	38.608	93,65	1.139.121	104,21	2.784.169	99,01

**Cadro Nº8.- Gráfico da evolución da poboación no Concello de Cerceda, na Comarca de Ordes, na Provincia de A Coruña e na Comunidade Autónoma.**




**3.3.2 Marco socioeconómico da actuación.**

Cando a análise socioeconómico se realiza tendo en conta a dinámica dos tres sectores produtivos, na Comunidade Galega é o sector primario o que tivo máis predominio que os outros dous. Pero a partir dos anos 60, década na que o sector industrial e o sector servizos empezan unha traxectoria crecente, apréciase como deixan sentir os seus efectos sobre a estrutura produtiva da rexión.

Este impacto, aínda que non se traducira nos niveis desexados e mesmo esperados polos organismos planificadores e se manteña aínda afastado das cotas necesarias para absorber a crecente demanda de postos de traballo na rexión, veu a significar unha modificación apreciable na contribución de cada sector ao produto bruto rexional. Os cadros seguinte mostra a estrutura sectorial do mercado de traballo para as provincias galegas para a poboación en idade de traballar e a súa situación no mercado laboral referido ao ano 2.008.


**Cadro Nº9.- Gráfico da distribución do emprego no Concello de Cerceda en relación co seu entorno.**



En canto á poboación desempregada o índice discorre seguindo a liña marcada polo entorno comarcal, provincial e autonómico. Pódese comprobar que se está a producir un incremento nas taxas de paro que se teñen disparado dende o ano 2008. Cabe indicar o feito de que para o Concello de Cerceda este repunte tan marcado das taxas de paro vense atenuadas con respecto á tendencia marcada no seu entorno.

Táboa Nº 4.- Evolución do desemprego no Concello de Cerceda en relación co seu entorno.

	Galicia		A Coruña		Comarca Ordes		Cerceda	
	Paro	Índice	Paro	Índice	Paro	Índice	Paro	Índice
2001	139.436	100,0	57.301	100,0	1.611	100,0	257	100,0
2002	145.330	104,2	61.037	106,5	1.699	105,5	271	105,4
2003	152.777	109,6	63.402	110,6	1.665	103,4	259	100,8
2004	157.032	112,6	64.979	113,4	1.731	107,4	263	102,3
2005	154.529	110,8	63.186	110,3	1.825	113,3	249	96,9
2006	176.114	126,3	70.377	122,8	2.017	125,2	288	112,1
2007	159.886	114,7	65.447	114,2	1.765	109,6	254	98,8
2008	160.180	114,9	64.958	113,4	1.829	113,5	278	108,2
2009	211.484	151,7	85.592	149,4	2.312	143,5	291	113,2



Aínda que a partir d ano 2005 os datos de desemprego calcúlanse coa nova tecnoloxía SISPE, e os seus resultados non son comparables cos dos anos anteriores, si cabe destacar que as taxas de desemprego do da Comarca de Ordes seguen unha traxectoria similar ás taxas que se dan na provincia e a nivel autonómico.

Cabe destacar o feito que a tendencia das taxas de desemprego a nivel municipal son sempre inferiores ás taxas que mostran o resto das administracións, e aínda que segue unha lóxica traxectoria paralela, sempre se sitúan tal e como se ten indicado en niveles inferiores, acentuándose esta diferenza nos dous últimos anos.

### 3.3.3 Actividade económica no Concello de Cerceda.

Antes de analizar os tres sectores produtivos básicos do Concello de Cerceda é conveniente subliñar o perfil da actividade económica na comarca. A evolución no proceso estrutural da economía caracterizouse por un progresivo desprazamento da agricultura, que propiciou un desenvolvemento importante dos sectores secundario e terciarios debido nunha grande parte á reindustrialización vinculada aos polígonos industriais.

A aplicación de políticas orientadas a potenciar o tecido industrial e crear emprego está sendo chave para neutralizar as consecuencias do esgotamento das reservas do xacemento de lignito de Meirama a finais de 2007 e mais o consecuente peche da central térmica que, nos anos 80, marcara a transformación industrial dun municipio cuxa base económica se sustentara ata aquel momento nas actividades agropecuarias.

Como cabeceiras da comarca os Concellos de Ordes e de Cerceda encabezan esta transformación da actividade económica, diversificación industrial e a implantación de novas empresas en Cerceda que se remonta xa a comezos dos anos 90, coa creación de Sogama (Sociedade Galega de Medio Ambiente) e co xurdimento de proxectos empresariais vinculados aos sectores produtivo e de servizos. Este desenvolvemento industrial acelerouse aínda máis a finais dos 90, cando se instaláron as primeiras empresas no polígono industrial do Acevedo

No Concello de Ordes A industria viuse favorecida pola concentración da poboación no ámbito urbano, buscando novas e mellores alternativas laborais; como pioneira a industria téxtil facilitou a incorporación da muller ao traballo, ocasionando un desenvolvemento e profesionalización no sector, creándose así os alicerces dunha potencia empresarial na bisbarra. O crecemento dunha empresa do sector, tivo como consecuencia, o surxir de numerosas pequenas empresas (talleres téxtiles e cooperativas )que hoxe por hoxe, alcanzan unha dimensión importante na representatividade económica de Ordes, tanto en volume defacturación, produción como man de obra. O incremento do número de habitantes na zona urbana, facilitou o aumento de pequenas industrias que absorben certa parte do emprego local (industria mecánica e reparación, marmolerías, talleres de carpintería e transformación, etc) constituído maioritariamente polo colectivo masculino; a iso contribuíu, a creación dun Parque Empresarial no que se instaláron todo tipo sectores empresariais (téxtil, transformación, mecánica e automoción).

Cómpre destacar que debido a investimentos instalación do Aquapark en Cerceda e a outros proxectos que xa comezaron a tomar forma (Lago de Meirama), Cerceda perfílase tamén como un concello de enorme potencial no sector servizos.

En canto aos niveis de paro e a súa distribución sectorial, as cifras reflicten, dende a perspectiva contraria á ocupación, a mesma situación estrutural da economía da zona. A taxa de paro global para a zona sitúase no 17,66% da poboación, inferior en catro puntos á da provincia de A Coruña, co 21,01% e a Galicia (21,30%).

Os sectores económicos onde a contribución ao desemprego é maior para os municipios estudados, que os correspondentes ao marco de referencia provincial e rexional, son o construtivo (21,57% para a zona, 20,03% para a provincia e 20,42% para Galicia) e o sector servizos (54,32%, 50,08% e 49,29% respectivamente para os mesmos ámbitos xeográficos). Pola contra, no sector primario e o industrial, a contía proporcional ao paro total na zona, alcanza uns algarismos inferiores respecto ás medias xerais.

### 3.3.4 Infraestruturas territoriais da Área.

#### 3.3.4.1 Rede de estradas

As principais estradas que configuran a rede viaria de Cerceda son aquelas que establecen as comunicacións de Cerceda coa provincia e a rexión:

- AC-523, de titularidade autonómica pertencente á rede primaria básica de Meirama a A-6 (enlace Culleredo).
- Autovía A-6, de titularidade estatal de A Coruña – Madrid.
- Autoestrada AG-55, de titularidade autonómica de Coruña a Carballo (tendo en conta a próxima ampliación de Carballo a Fisterra)

O Sistema Viario da Mancomunidade permitirá a comunicación entre si, mediante vías de alta capacidade de todos os municipios que integran a mancomunidade:

- AC-400, de titularidade autonómica pertencente á rede primaria complementaria e comunica Sigrás con Muros atravesando o núcleo de Cerceda.
- AC-413, de titularidade autonómica pertencente á rede primaria complementaria e comunica Ordes con

Carballo, pasando polo núcleo de A Silva, ao sudoeste do Concello.

O tráfico local nas vías secundarias é o característico dunha zona densamente poboada, e está dominado polos traxectos curtos, a velocidade lenta con predominio de vehículos lixeiros ou de pequena tonelaxe e no que ten grande importancia a presenza de maquinaria agrícola.

O tráfico interurbano, non obstante, tende a unha circulación de traxectos máis longos, a maior velocidade e con notable aumento da fracción de vehículos pesados. Na actualidade, grande parte deste tráfico utiliza cada vez con máis frecuencia as vías de acceso restrinxido (Autoestrada e Autovía), desconxestionando así as vías de menor entidade dun tráfico lento e perigoso.

### 3.3.4.2 Portos

O crecemento do porto de A Coruña segue un patrón similar ao doutros portos españois, que tras varias décadas de aumento lento do tráfico (1900 -1960) e un período de crecemento practicamente exponencial (1960 - 1980), mantén con escasas fluctuacións as cifras de actividade da última década. Este mantemento global de tráfico arredor das mesmas cifras non debe ocultar o feito de certa contracción na súa actividade de graneles líquidos que se compensa cun sostido crecemento nos graneles sólidos, o tráfico máis dinámico do porto.

Nestas condicións a ampliación das instalacións portuarias por razóns estritamente imputables ás necesidades do tráfico non é mera necesidade urxente, xa que dispoñen dunha reserva de capacidade que lles permitirá atender os crecementos previsibles a curto e mesmo a medio prazo.

Non obstante, o longo tempo que requirirá unha ampliación das instalacións portuarias no caso do porto de A Coruña, así como as características de perigosidade e incidencia ambiental dos seus tráfico principais, fan necesario estudar as posibilidades e viabilidade da devandita ampliación, como elemento fundamental da futura evolución do porto

Dende o punto de vista de potenciar a función comercial do porto, debe sinalarse a conveniencia de dotar ao porto de A Coruña dunha terminal de colectores, xustificada pola existencia actual dunha clara tendencia cara á potenciación do comercio a través de corredores marítimos e por a súa estratéxica situación.

Neste sentido, a inexistencia do devandito tráfico, así como as mínimas cifras de tráfico de mercadoría xeral, son consecuencia da carencia de infraestruturas con tamaño e características abundas como para permitir a almacenaxe e manipulación dos devanditos elementos, circunstancias que ata a data limitaron seriamente a capacidade comercial do porto.

Como se pode deducir da Táboa Nº 5 seguinte, o tráfico de graneles líquidos (cru, gas-oil, fuel óleo..) é o dominante e característico do porto de A Coruña, pois representa o 73,33% do tráfico portuario, do cal o 47,24% corresponde a tráfico de crus, todo iso de descarga e destinado á refinaría de Arteixo, realizándose a condución mediante oleoduto.

**Táboa Nº 5.- Tráfico no Porto da Coruña.**

Tipo Mercancia	Descarga (T)	% del total	Cargada (T)	% del Total
G. Líquidos	5.794.733	73,94	1.850.869,0	76,25
G. Sólidos (inst. especiales)	350.676	4,47	59.035,0	2,43
G. Sólidos	1.635.030	20,86	406.930,0	16,76
General	56.735	0,72	110.471,0	4,55
Total	7.837.174	100,00	2.427.305,0	100,00

Historicamente o movemento de mercadorías polo porto de A Coruña seguiu sempre unha evolución positiva, por enriba de retrocesos conxunturais, o que permite supoñer que no futuro se manterá esa tendencia e ademais, dita evolución pode acelerarse en calquera momento, xa que as perspectivas son francamente optimistas.

En resumo, a solución ás problemáticas formuladas en relación ao Porto de A Coruña esixe a busca e reserva de novas localizacións e a configuración dunha zona de servizo e dun porto composto por dous enclaves diferentes, separados espacialmente. A devandita circunstancia dista moito de ser unha novidade na experiencia portuaria, senón que ao contrario, se está a converter en algo habitual para numerosos portos españois e estranxeiros, que procuran afastar do centro urbano as actividades molestas ou perigosas, reservando os peiraos máis próximos á cidade para os tráxicos que poderían denominarse limpos (colectores, mercadería xeral e pesca).

O novo Porto Exterior, actualmente en fase de execución, sitúase entre Punta Langosteira e Punta da Ría, a escasamente a vinte quilómetros do novo PSPEC.

#### **3.3.4.3 Rede ferroviaria**

O municipio de Cerceda atópase atravesado pola liña do ferrocarril A Coruña-Santiago, a cal paralela ao eido do PSPEC e discorre atravesando o Concello practicamente de norte a sur.

Actualmente estase a construír a liña do AVE que disporá dunha estación nas proximidades do PSPEC, nas proximidades do Lago das Encrobas.

#### **3.3.4.4 Aeroportos**

O aeroporto máis próximo é o aeroporto de Alvedro (Culleredo), que serve á área Metropolitana de A Coruña. O aeroporto de Lavacolla (Santiago de Compostela) está máis afastado, pero posúe tamén comunicación por autoestrada con Arteixo.

A partir destes dous aeroportos, ou ben realizando escala en Madrid - Barallas ou El Prat de Barcelona, pódese acceder a practicamente calquera parte do mundo.



### 3.4 O PSPEC NA ÁREA DE INFLUENCIA.

#### 3.4.1 A oferta inmobiliaria industrial na Área da Coruña.

Detállanse a continuación as características básicas dos parques empresariais desenvolvidos ata a data na Zona de influencia da Comarca de Cerceda:

**Táboa Nº 6.- Oferta inmobiliaria industrial na área da Coruña.**

Denominación	Concello	Comarca	Uso principal (I / T)	Superficie
POCOMACO	A CORUÑA	A CORUÑA	I	475.000
A GRELA	A CORUÑA	A CORUÑA	I	1.407.740
BERGONDO	BERGONDO	A CORUÑA	I / T	882.000
ESPÍRITO SANTO	CAMBRE	A CORUÑA	I / T	643.100
SABÓN	ARTEIXO	A CORUÑA	I	2.360.000
P.I. DE ALVEDRO	CULLEREDO	A CORUÑA	I / T	450.000
P.I. DE BERTO A	CARBALLO	BERGANTIÑOS	I / T	727.500
C.L.T. CULLEREDO	CULLEREDO	A CORUÑA	T	602.475

Se encontra en construción el Parque de Actividades Económicas de Arteixo, próximo ao polígono de Sabón y destinado a un uso industrial – comercial con una superficie de 153 Ha. Asimismo encóntrase en fase de ampliación o Polígono de Bertoa, no Concello de Carballo cunha ampliación que ronda o 1.200.000 m<sup>2</sup>.

#### 3.4.2 Plan sectorial de áreas empresariais.

Actualmente, estase a desenvolver un plan sectorial das areas empresariais de Galicia que integrara os proxectos sectoriais de solo empresarial que estanse a desenrolar, incluíndo este no seu ámbito.

#### 3.4.3 A oferta de solo industrial na zona de influencia da comarca e no concello de Cerceda.

Detállase a continuación a oferta de solo industrial existente na comarca e no concello de Cerceda:

**Táboa Nº 7.- Oferta inmobiliaria industrial na área da Coruña.**

Denominación	Concello	Comarca	Ano inauguración	Uso principal	Superficie
ORDES	ORDES	ORDES	2004	INDUSTRIAL COMERCIAL	293.000
SIGÜEIRO	OROSO	ORDES	2009	INDUSTRIAL COMERCIAL	54.000
ACEVEDO	CERCEDA	A CORUÑA	1999	INDUSTRIAL COMERCIAL	1.000.000

#### 3.4.4 Orientacións de mercado: a demanda de instalación industriais no eido de estudo.

O espazo socioeconómico conformado polo Concello de Cerceda pode describirse segundo os seguintes parámetros básicos.

A poboación da comarca caracterízase por un contraste na evolución entre os dous primeiros terzos do s.XX, caracterizados por un moderado crecemento, e o resto da centuria cunha moderada perda continuada de efectivos. En 1990 a comarca posuía 30.167 hab., e en 2004 contaba con 38.442 hab, datos que no seu conxunto mostran un crecemento global do 27,4%. Os factores que explican esta traxectoria son os propios dunha comarca agropecuaria cun modesto grado de industrialización. Despois dunha primeira fase na que o dinamismo natural compensaba unha moderada emigración rompeuse o equilibrio nos anos 60. Nesta época a forte emigración cara as rexións mais industrializadas provocou unha notable regresión da que aínda non se recuperou malia o dinamismo económico amosado nos últimos anos. Entre 1970 e 1991 a contracción demográfica continuou a un ritmo dun -0,48% interanual pero fíxoo de forma mais moderada grazas a transformación do municipio de Ordes como centro industrial. Dende 1991 iniciouse unha etapa de leve recuperación cun crecemento dun 0,3% interanual

Outros factores son:

- Descentralización residencial da cidade de A Coruña.
- Traslado dos centros de traballo.
- Carestía do solo urbano en primeira liña de coroa metropolitana.
- Implantación de equipamentos, servizos e infraestruturas.

Dende o punto de vista socioeconómico:

- A reindustrialización vinculada ao polígono industrial de Acevedo o que propiciou un desenvolvemento importante dos sectores secundario e terciario.
- Por outra parte, a proximidade do municipio coa área metropolitana de A Coruña foi un condicionante decisivo en expansión do sector servizos, especialmente das actividades de tipo industrial.

A situación descrita, constitúe unha clara oportunidade de mercado para o novo establecemento de solo industrial no Concello de Cerceda, como se pon de manifesto nos seguintes feitos.

Os polígonos de actividades da zona caracterízanse por unha elevada ocupación, así, os máis antigos como A Grela, Sabón, Bergondo, Alvedro e Pocomaco atópanse practicamente ocupados na súa totalidade.

A situación rebela a existencia dunha demanda á alza de chan industrial, incapaz de ser atendida polos parques existentes, totalmente ocupados. Por iso resulta patente a carencia de chan industrial que, a medio prazo e longo prazo, estea dispoñible para a localización de novas empresas ou a ampliación das existentes.

Se ben é certo que na actualidade existe un importante número de empresas que non están asentadas en parques empresariais, calquera actuación futura pasa pola súa localización e agrupación neste tipo de infraestruturas, de forma que se optimice a dotación de servizos demandados polo sector.

Esta situación, móstranos unha industria en expansión que non pode asentarse nos parques existentes, por dúas razóns:

- Os parques existentes están xa ocupados case na súa totalidade.
- Non existen neles parcelas axustadas ás dimensións e tipoloxías demandadas por moitas das industrias de construción actuais. O futuro parque deberá dispoñer de parcelas de entre 10.000 m<sup>2</sup> e 10 Ha.

Agora ben, para absorber a demanda de chan industrial na zona próxima da área metropolitana de A Coruña, é

necesario conxugar a dispoñibilidade de solos coa existencia dunha conexión axeitada coas principais vías de comunicación.

Dende este punto de vista, o PEC situado nas proximidades da primeira liña de coroa metropolitana, poderá absorber as demandas de chan industrial de toda a zona, garantindo, a través da estrada AC-523 e a A-6, unha accesibilidade cómoda e rápida respecto ao resto da Rexión e o Estado.

Esta demanda a curto e medio prazo xustifica e fai viable a implantación dun parque empresarial na zona de estudo, que non só atenda a demanda potencial actual, senón que á súa vez, sente as bases dunha futura ordenación máis racional do tecido empresarial.

Por outra banda, outros estudos levados a cabo dentro de Galicia, referentes ás necesidades de chan industrial e os condicionantes da súa oferta e demanda, apuntan na dirección de que a demanda de chan se revitaliza naqueles períodos de tempo nos que o mercado pon a disposición dos compradores, superficies significativas de solo industrial, o que parece indicar que a falta de solo frea a implantación de novas industrias.

En concreto detéctase que a maior actividade da demanda coincide coas épocas de aparición de nova oferta de chan con características físicas e económicas atractivas para os empresarios, de tal xeito que a case totalidade do chan ofertado é adquirido rapidamente.

As estimacións da demanda nos devanditos estudos realizáronse tendo en conta basicamente a súa evolución histórica nos últimos anos referida aos Parques actualmente en funcionamento, as solicitudes de solo presentadas ante os organismos promotores dos que están en execución e tramitación e, finalmente, baseándose na tipoloxía das superficies e parcelas demandadas.

As empresas situadas no parque empresarial de Acevedo constitúen o montante principal da actividade industrial do municipio e constitúe un factor de peso moi importante no conxunto da comarca.

En resumo, o sector industrial no municipio mobiliza unha parte importante do emprego, cunha participación das máis altas da comarca.

## **4 INFORMACIÓN TERRITORIAL.**

### **4.1 DESCRICIÓN DO EIDO.**

O eido en desenvolvemento localízase no concello de Cerceda situado ao noroeste de Galicia na provincia da Coruña. Pertencente á comarca de Ordes, o municipio de Cerceda atópase nunha área de transición entre as terras das Mariñas, Bergantiños e Ordes. Limita ao norte cos municipios da Laracha e Culleredo, ao sur con Ordes e Tordoia, ao leste con Carral e ao oeste con Carballo. A cabeceira do municipio está no lugar de Antemil, antiga vila do Campo da Feira que hoxe en día se coñece polo propio nome do concello, e que se atopa a uns 50 Km de Santiago de Compostela e a uns 30 km da Coruña, as dúas cidades importantes máis achegadas.

O eido de estudo abarca unha superficie de 42,06 Has de extensión. Localízase o nordeste do municipio de Cerceda no val que orixina o río Barcés ao sur do núcleo Sobre da Fonte, no lugar de Gandarouta pertencente a parroquia de Cerceda (San Martiño) (coordenadas UTM 543900, 4781339).

O Parque Empresarial de Cerceda atópase delimitado polo oeste pola vía de ferrocarril, polo norte co río Cerceda e coa estrada autonómica AC-2405 que conecta coa estrada AC-523, polo este cunha estrada municipal e polo sur con terreos destinados o aproveitamento agrícola e gandeiro e coa estrada autonómica AC-2402. O Parque empresarial atópase situado ao oeste da Central térmica de Meirama e das instalacións de SOGAMA, e próximo ao polígono industrial de Acevedo.

### **4.2 IMPLANTACIÓN TERRITORIAL NO MUNICIPIO.**

O PSPEC tipifícase no Plan como unha oferta subrexional de solo de actividade empresarial na área funcional do Área Metropolitana de A Coruña.

Dentro do municipio, a localización do PSPEC implántase nunha zona próxima ao núcleo capital, orientado ao sueste desta, cunha accesibilidade óptima garantida polas conexións coa Autovía A-6, a través da Estrada AC-523. A súa accesibilidade completase coa reserva para a implantación nas proximidades cunha estación do AVE.

A implantación no municipio consolida unha oferta empresarial crecente, complementando a xa existente e potenciando a creación de novo solo de actividade que facilite a localización adecuada a novos usos empresariais e teña capacidade para captar maiores e máis cualificadas demandas.

### **4.3 PLANEAMENTO VIXENTE.**

As Normas Subsidiarias do Concello de Cerceda foron aprobadas definitivamente polo Pleno da Corporación o 26 de xuño de 1996. Atópase en fase de revisión o planeamento urbanístico municipal, aínda que non se ten aprobada ningunha das fases de elaboración.

O ámbito está clasificado no planeamento vixente maioritariamente como Solo Non Urbanizable Normal. Coincidindo co curso do río Barces ao norte do eido, clasifícanse estas zonas como Solo Non Urbanizable Protección de Ribeiras e Embalses.

Segundo a disposición transitoria primeira apartado f) da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, "ao solo clasificado polo planeamento vixente como non urbanizable ou rústico aplicaráselle integramente o disposto nesta lei para o solo rústico".

### **4.4 CARACTERÍSTICAS XERAIS DO EIDO**

O ámbito proposto para a implantación do PSPEC ocupa un espazo vacante entre os desenvolvementos industriais e empresariais situados ao sur do núcleo urbano de Cerceda e próximo ao Polígono de Acevedo (no seu vento leste á outra veira de liña de ferrocarril).

Localízase lindando no seu vento norte polo curso do río Barces e a estrada municipal que serve aos núcleos de

Vila da Igrexa e Gandarouta, ao sur e leste coa estrada de recente construción que comunica a AC-523 coa AC-2402 e ao oeste coa liña de ferrocarril Santiago de Compostela – A Coruña.

A superficie total do eido é de 414.710,07 m<sup>2</sup> súa e sobre as que se establecen as determinacións da ordenación. Da superficie delimitada do eido, 384.855,70 m<sup>2</sup> correspóndense coa superficie de solo urbanizable sobre o que se desenrola o PSPEC, os restantes 29.854,37 m<sup>2</sup> correspóndese coa banda de solo rústico de protección de infraestruturas vencellada a liña de ferrocarril.

A accesibilidade viaria encóntrase hoxe garantida mediante a construción da estrada autonómica pertencente á rede primaria básica AC-523 (Meirama – A6 enlace Culleredo) que permite a súa comunicación inmediata coa Autovía de A-6 e dende esta á Autopista AP-9 e á Terceira Ronda.

Altimetricamente as topográficas do ámbito oscilan entre 325 e 275.

As cotas máis altas coinciden coa zona sur do ámbito, caendo cara o Río Barces a norte do ámbito. Esta zona húmida ao norte, e o regato relacionado co Río Barces que atravesa o eido de noreste a suroeste, é a que presenta uns valores ambientais máis significativos dentro do ámbito e serán ordenadas con especial coidado dentro das reservas que o Proxecto Sectorial establece para as zonas verdes públicas.

Ademais das zonas indicadas, o ámbito está ocupado por parcelas de distintos tamaños dedicadas a usos tamén diversos que comprenden desde praderías e pequenas masas forestais.

Dentro do ámbito non existen edificacións nin afeccións de dotación e infraestruturas de carácter público.

O emprazamento deste Parque localízase nas proximidades do Polígono Industrial de Acevedo, nunha zona industrial e empresarial consolidada e perfectamente comunicada tanto coa cidade de A Coruña coma co exterior, a través da súa conexión coa Autovía A-6. Pola súa dimensión virá a reforzar significativamente a oferta actual do solo empresarial no Concello de Cerceda e na Comarca de Ordes, e consecuentemente nas proximidades da Área Metropolitana de A Coruña.

## 4.5 CARACTERÍSTICAS MEDIOAMBIENTAIS.

### 4.5.1 Medio físico.

#### 4.5.1.1 Xeoloxía.

Desde un punto de vista xeolóxico o eido de estudo enmarcase na denominada zona Centro-Ibérica definida por Julivert et al. (1972) caracterizándose por un gran desenvolvemento do metamorfismo e granitización hercínicos, así como pola presenza de varios macizos básico de polémica interpretación, tanto desde un punto de vista petrolóxico como estrutural.

Os materiais que se atopan na zona de estudo pertencen o Dominio da Serie de Ordes formada fundamentalmente por unha sucesión monótona de devanditos xistos que abarca desde o Precámbrico ata o Cámbrico inferior formados a partir do metamorfismo de sedimentos de textura fina non moi ricos en cuarzo procedentes da unidade Betanzos-Arzúa.

Trátase de metasedimentos de orixe detrítico e arxiloso metamorfizados durante o Hercínico. A súa natureza mineralóxica é de tipo micácea ou clorítica con lagoas, sendo os minerais máis frecuentes anfíbolitas, moscovita, cuarzo e feldespatos.

#### a) Xeomorfoloxía.

O municipio de Cerceda destaca pola suavidade das súas formas orixinadas fundamentalmente sobre terreos xistosos propios do complexo de Ordes, unha das megaestruturas alóctonas máis extensas do NW do Macizo Ibérico, de forma semielíptica e alargada en dirección N-S.

A estrutura xeomorfolóxica do eido de estudo caracterízase polo dominio dunha superficie arrasada durante o Terciario, constituída por xistos de baixo metamorfismo. Enmarcase na denominada Penichaira Galega que se corresponde cunha superficie en forma de meseta constituída por superficies de erosión lixeiramente basculadas ao sur.

A serra de Montemaior situada o sudoeste do sector separa o municipio de Cerceda das terras de Bergantiños e actúa como divisoria de augas entre a conca do río Anllóns e a do Tambre. O nordés da zona de estudo érguense o Montes do Xalo e o sur desta cadea montañosa ábrese a depresión de Meirama onde se atopan os terreos do Parque Empresarial de Cerceda, ocupada pola conca do río Barcés que ten no fondo un xacemento de lignitos. O sur desta fosa aparece o relevo achairado das terras de Ordes.

#### b) Hidroxeoloxía.

O eido de estudo polo seu substrato eminentemente metamórfico non presenta, a priori, unhas características favorables para o desenvolvemento de acuíferos en profundidade limitándose a súa localización as formacións superficiais relacionada con leitos fluviais que en ocasións ven favorecida a súa recarga pola existencia de fracturas próximas. Nestes casos, a escorrenta superficial a favor da pendente cobra especial relevancia na hidroloxía.

Os xistos xeran áreas de moi baixa permeabilidade ou impermeables onde afloran metasedimentos, é dicir, terreos antigos, metamorfizados e deformados. As súas características litolóxicas e texturais non lles permiten a entrada e a circulación de auga favorecendo que corra superficialmente, de xeito a existencia de auga restrínxese a noveis superiores, máis superficiais, que presentan unha grande alteración.

#### 4.5.1.2 Edafoloxía.

Os tipos de solos e as súas propiedades distribúense cunha clara relación co material orixinal. Os xistos aflorantes na zona de estudo son rochas facilmente alterables, tanto en sistemas ben drenados como en medios de hidromorfía continua ou alternante, que orixinan mantos de alteración espesos de textura fina e cores vivas amareladas ou vermellas que denotan a presenza de importantes cantidades de Fe. A facilidade de alteración da orixe a unha paisaxe suavizada, de escasa pendente, polo que os procesos erosivos teñen escasa importancia. Isto favorece a formación de superficies estables, nas que os solos acadan grados de evolución avanzados, con formación de horizontes B cámbicos con propiedades ferrálicas e sen descartar totalmente a posible presenza de horizontes árxicos, desaturados e con minerais primarios fortemente alterados.

Os solos existentes na zona de estudo son de perfil ABC, cun epipedión úmbrico a ócrico e un horizonte B cámbico que presenta propiedade lindantes cos B óxicos e os B árxicos con arxilas de baixa actividade.

A textura é de tendencia franca a franco-limosa, cunha fracción arxilosa relativamente abundante. Este tipo de solos son algo menos ácidos que os desenvolvidos sobre granitos sendo mais favorable a súa reserva de humidade propiedade que os fai mais resistentes ao déficit do período seco.

Os horizontes B están formados fundamentalmente por procesos de alteración in situ sendo por tanto horizontes cámbicos. O grao de alteración é intenso, con destrución da maior parte dos minerais primarios alterables, predominio dos minerais do tipo da colinita e a goethita e moi baixa capacidade de cambio efectiva ao pH do solo.

Nestas condicións as unidades de solos predominantes na zona do Parque Empresarial de Cerceda se corresponden con Umbrisoles húmicos e endolépticos.

- Os UMBRISOLES predominan en terreos de climas húmidos de rexións montañosas con pouco ou ningún déficit hídrico. O perfil é de tipo AC, cun horizonte B ocasional. Os Umbrisoles lépticos presentan unha roca continua e dura entre 25 e 100 cm desde a superficie do solo. O de tipo endoléptico xérase cando a roca está entre 50 e 100 cm. Os de tipo húmico presentan mais dun 1% de carbono nos primeiros 50 cm.

#### 4.5.1.3 Topografía

O eido de estudo sitúase sobre unha zona eminentemente chaira configurada polo val do río Barcés que discorre polo norte do Parque Empresarial en dirección oeste-leste cara a súa desembocadura no río Mero. A rede hídrica polo tanto pertence a subconca do río Barcés e a conca do río Mero.

As cotas van desde os 275 m que se alcanzan no extremo mais setentrional ata os 325 do sur do sector. O valor da cota increméntanse lixeiramente cara o sur sendo as diferencias de altitude entre a parte mais baixa e mais alta de a penas 50 m.

A maior parte da zona de estudo presenta pendentes inferiores o 10%. Os maiores niveis (superiores o 15%) atópanse na marxe dereita do afluente do río Cerceda.

#### 4.5.1.4 Climatoloxía.

Desde un punto de vista climático o eido de estudo caracterízase pola suavidade das súas temperaturas, as escasas oscilacións térmicas, a elevada humidade relativa e as abundantes choivas que se corresponden co clima oceánico hiperhúmido no que se enmarca a zona.

A temperatura media anual oscila os 13°C e a amplitude térmica os 18°C-20°C. A zona I de gradiente térmico vertical definida por Carballeira et al. (1983) é a representativa do eido, presentando un gradiente anual medio de 0,38°/100m. O gradiente mínimo para os meses de xuño e xullo (0,2°/100m) e máximo para o mes de decembro (1°/100m). Os coeficientes de correlación entre a temperatura media mensual e a altitude son relativamente

baixos para esta zona de gradiente térmico debido ao parecer ao forte influxo oceánico.

A precipitación anual acumulada é de 1.400 mm. Estes niveis de precipitación poden chegar a superar os 1.600 mm anuais excedendo o nivel medio de precipitación de Galicia polo que este municipio presenta un dos índices de precipitación máis elevados dentro da provincia da Coruña. O período de baixas precipitacións céntrase nos meses de Xuño e Agosto. Os maiores índices pluviométricos atópanse nos meses de Outubro, Novembro e Decembro. A estacionalidade das precipitacións está moi marcada xa que a unha primavera e verán secos séguelles un outono e inverno extremadamente húmidos.

A ETP anual acumulada é duns 700 mm valor que pode ser considerado como moderado para a distribución da ETP en Galicia.

As xeadas son propias dos meses de inverno, período no que as temperaturas mínimas descenden por debaixo dos 0°C. Teñen a súa orixe ben en procesos de irradiación nocturna que provoca inversións térmicas nas capas próximas o solo ou polo descenso térmico producido pola invasión de masas de aire moi frío, ártico ou polar. En xeral a zona esta libre de xeadas nos meses de verán.

Respecto o réxime de ventos, a compoñente predominante a nivel anual é a N cunha frecuencia do 28%, seguida de NE, S, SO, O, SE e NO na orde decrecente de frecuencia.

#### 4.5.1.5 Hidroloxía

A rede hídrica pertence a subconca do río Barcés e está configurada poloa río Cerceda que discorre por unha pequena parte no norte do Parque Empresarial en dirección Oeste-Leste. Un dos seus colectores secundarios atravesa o sector en dirección suroeste-nordeste.

En referencia á clasificación hidrolóxica establecida no PHGC, a área estudada pertence o Sistema de Explotación nº 11: "Río Mero, Arteixo e ría da Coruña", e concretamente á UCO 122-03, Meirama, cunha aportación total de 59,04 hm<sup>3</sup>. Deles, o río Cerceda é o único que se inclúe entre as concas de aportación maiores de 1Km<sup>2</sup>, codificado como 12201902 no PHGC.

#### 4.5.2 Médio Biótico

##### 4.5.2.1 Flora

A zona estudo presentase como unha veiga practicamente chaira, ocupada na súa maioría por cultivos e praderías. No plano de vexetación diferéncianse dúas unidades: Cultivos forraxeiros e especies madeireiras que ocupan case a totalidade do eido e cultivos forraxeiros en maioría e outros cultivos, unidade que se atopa nunha pequena extensión o noroeste do sector mais próxima o núcleo de Sobre da Fonte.

A vexetación herbácea presenta unha orientación fundamentalmente gandeira. Esta composta fundamentalmente por praderías artificiais que presentan un crecemento, sanidade e coidado adecuados.

A vexetación arbórea atopase cara o sur do sector mesturada con praderías e cultivos. Está formada na súa maioría por especies de piñeiro do país (*Pinus pinaster*) e por eucaliptos (*Eucalyptus globulus*) que non chegan a formar masas de importante extensión.

##### 4.5.2.2 Fauna

A fauna polo xeral está moi condicionada pola situación xeográfica e as características ambientais que nela se dan, principalmente factores climáticos e usos do solo.

A adaptación das especies aos medios agrícolas favorece a perda xeneralizada de grandes vertebrados e unha diminución das especies silvícolas en beneficio das pratenses e antropófilas de menor interese de conservación.

A maior parte da fauna existente ten un forte carácter antrópico, polo que as especies presentes atópanse moi



adaptadas a medios agrícolas. A maioría destas especies están catalogadas como Non Ameazadas con todo, e a pesar da súa extensión, é preciso conservalas en todos os ecosistemas.

Como especies destacadas dentro do grupo dos mamíferos está a lontra (*Lutra lutra*) e os morcegos do xénero *Rhinolophus*, que se consideran especies vulnerables e protexidas polo Convenio de Berna, pola directiva Hábitats e establecida como de interese especial polo Catálogo de Especies Ameazadas.

Entre a avifauna destaca o aguilucho cenizo (*Circus pygargus*), o milano real (*Milvus milvus*) e a rula europea (*Streptopelia turtur*).

#### 4.5.2.3 Elementos ou formacións de interese natural.

Tanto no eido de estudo como no seu contorno mais inmediato non existen hábitats de interese natural ou seminatural merecedores de protección para a súa conservación.

No eido de estudo e no seu contorno non existen áreas ou elementos protexidos polos seus valores ecolóxicos ou paisaxísticos. Os espazos naturais protexidos mais próximos o Parque Empresarial de Cerceda atópanse a mais de 8 Km polo que non se prevén afeccións os mesmos.



#### 4.5.3 Medio cultural e patrimonial.

Na zona de estudo non existen elementos de valor arquitectónico ou etnográfico catalogados ou merecedores de protección polo seu valor patrimonial. Tampouco existen indicios da existencia de xacementos arqueolóxicos.

#### 4.6 USOS DO SOLO E A EDIFICACIÓN.

Polo xeral nas proximidades do PSPEC desenvólvense usos relacionados na súa maioría con sector agrícola e gandeiro, seguido do sector forestal. De modo puntual, pero nas proximidades do ámbito do PSPEC, no seu vento norte, estanse a desenvolver usos residencias nos núcleos de Vila da Igrexa e Gandarouta e industriais ao sudoeste do ámbito.

Na totalidade do ámbito delimitado do PSPEC desenvólvense usos relacionados co sector primario, fundamentalmente agrícolas e forestais. Así unha parte importante do ámbito do Parque PSPEC, o 78 % da superficie do solo, está ocupada por superficies de terreo de labradío, os seguintes usos predominantes son o monte baixo ocupan o 19 % e o monte alto que supón o 3% da superficie do ámbito.

**Cadro Nº10.- Usos no ámbito do PSPEC.**

As masas forestais son escasas, e concéntranse no norte, coincidindo coa zona dos cursos fluviais do Río Barcés e do seu afluente.

Non existen edificacións no interior do ámbito do PSPEC, nin galpóns asociados aos usos agrícolas propio da zona.

**4.7 ESTRUCTURA DA PROPIEDAD.**

O ámbito está dividido en 101 parcelas de carácter privado e 11 parcelas de carácter público.

O 37% das parcelas teñen unha superficie menor aos 2.000 m<sup>2</sup>. Entre 2.000 e 5.000 se sitúa o 39%, entre 5.000 e 10.000 o 11%, e no restante englobanse as parcelas maiores de 10.000 m<sup>2</sup> de superficie.

A superficie de cada parcela, así como a súa titularidade, se relacionan na Táboa Nº 8.

**Táboa Nº 8.- RELACIÓN DE PROPIETARIOS**

NÚMERO	REFERENCIA CATASTRAL	TITULAR	SUPERFICIE CATASTRAL (m <sup>2</sup> )	SUPERFICIE AFECTADA (m <sup>2</sup> )
1	15024A005004730000HU	JOSÉ MANUEL BARBEITO BOQUETE	1.976	2.075
2	15024A005003840000HY	CARMEN BARBEITO BOQUETE	2.000	2.100
3	15024A005004740000HH	LEANDRO BARBEITO BOQUETE	1.943	1.678
4	15024A005003850000HG	PURA BOQUETE BERTOIA	9.526	8.706
5	15024A023000130000HM	MANUEL PADÍN CAMPOS	4.509	2.600
6	15024A023005000000HX	MARÍA BESTILLEIRO BELLO	1.634	1.041
6A		MARÍA BESTILLEIRO BELLO		346
7	15024A023004990000HX	SUSANA BESTILLEIRO BELLO	1.406	1.049
7A		SUSANA BESTILLEIRO BELLO		293
8	15024A023004390000HS	MARÍA BESTILLEIRO BELLO	2.778	2.108
8A		MARÍA BESTILLEIRO BELLO		514
9	15024A023005410000HU	DOLORES DOCAMPO RÍOS	711	380
9A		DOLORES DOCAMPO RÍOS		197
10	15024A023005420000HH	DOLORES DOCAMPO RÍOS	841	794
11	15024A023004550000HP	CONSTANTINO DOCAMPO FRAGA	1.775	1.945
12	15024A023005430000HW	HERDEIROS DE LUÍS DOCAMPO VILLAMISAR	1.318	1.613
13	15024A023005160000HQ	JULIO DOCAMPO RÍOS	1.533	1.331
14	15024A023005440000HA	JULIA DOCAMPO RÍOS	1.488	1.596
15	15024A023004560000HL	CARMEN DOCAMPO RÍOS	1.706	1.565
16	15024A023005450000HB	ANTONIO RICO SANTOS	1.595	1.603
17	15024A023004570000HT	JOSEFA DOCAMPO RÍOS	1.522	1.661
18	15024A023000140000HO	JOSÉ DOCAMPO GRELA	1.181	927
19	15024A023000150000HK	ANTONIO DOCAMPO BELLO	4.146	2.984
20	15024A023000110000HT	JOSÉ PARCEIRO CARRILLO	12.312	6.166
20A		HERDEIROS DE CONSTANTINO PARCEIRO GRELA (EDUARDO PARCEIRO CARRILLO)		6.733
21	15024A023005400000HZ	HERDEIROS DE LUÍS DOCAMPO VILLAMISAR	4.155	4.624
22	15024A023000910000HE	ANTONIO BESTILLEIRO BELLO	33.573	32.844
23	15024A023005390000HH	JOSÉ E LUÍS LÓPEZ DOCAMPO	3.291	3.498

## PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

NÚMERO	REFERENCIA CATASTRAL	TITULAR	SUPERFICIE CATASTRAL (m <sup>2</sup> )	SUPERFICIE AFECTADA (m <sup>2</sup> )
24	15024A023005140000HY	JULIO DOCAMPO RÍOS	1.918	1.898
25	15024A023005380000HU	ANTONIO RICO SANTOS	3.916	3.872
26	15024A023000120000HF	AMELIA PREGO RIVEIRO	28.512	27.639
27	15024A023000160000HR	AMELIA PREGO RIVEIRO	6.543	5.976
28	15024A023000170000HD	JOSÉ DOCAMPO GRELA	3.241	2.863
29	15024A023000180000HX	MANUEL GENDE GRELA	3.355	3.138
30	15024A023000190000HI	JOSÉ MANUEL BARBEITO BOQUETE	3.605	2.900
31	15024A023000200000HD	JOSÉ MANUEL DOCAMPO CASTRO	3.301	3.140
32	15024A023006010000HS	LUÍS DOCAMPO REGUEIRA	2.355	2.019
33	15024A023000210000HX	MANUEL GENDE GRELA	3.770	3.852
34	15024A023000220000HI	HERDEIROS DE JOSEFA PREGO RIVEIRO	21.153	19.748
35	15024A023004540000HQ	CONSTANTINO DOCAMPO FRAGA	2.037	2.241
36	15024A023005370000HZ	JULIO DOCAMPO RÍOS	1.729	1.548
37	15024A023005150000HG	DOLORES DOCAMPO RÍOS	1.973	1.467
38	15024A023004530000HG	JOSEFA DOCAMPO RÍOS	1.855	1.894
39	15024A023005360000HS	HERDEIROS DE LUÍS DOCAMPO VILLAMISAR	1.766	1.989
40	15024A023005350000HE	ANTONIO RICO SANTOS	1.886	1.895
41	15024A023004520000HY	CARMEN DOCAMPO RÍOS	1.756	1.867
42	15024A023005340000HJ	JULIA DOCAMPO RÍOS	1.840	1.838
43	15024A023000270000HU	MELCHOR VIQUEIRA GENDE	4.115	3.997
44	15024A023006210000HM	JOSEFA GENDE GRELA	4.415	4.129
45	15024A023000230000HJ	MELCHOR E BEATRIZ VIQUEIRA GENDE	3.524	880
46	15024A023006140000HP	MELCHOR E BEATRIZ VIQUEIRA GENDE	6.015	1.559
47	15024A023004380000HE	PILAR CASTRO DOCAMPO	2.981	379
47A		EUGENIA CASTRO DOCAMPO		109
48	15024A023000240000HE	AMELIA DOCAMPO BELLO	13.051	12.768
49	15024A023000260000HZ	JOSÉ DOCAMPO GRELA	11.931	6.392
50	15024A023004280000HO	MARÍA AMELIA GENDE GRELA	4.162	129
51	15024A023005540000HT	AURORA GRELA FUENTES	3.356	3.929

## PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

NÚMERO	REFERENCIA CATASTRAL	TITULAR	SUPERFICIE CATASTRAL (m <sup>2</sup> )	SUPERFICIE AFECTADA (m <sup>2</sup> )
52	15024A023000300000HU	DESCOÑECIDO	2.005	1.370
53	15024A023005530000HL	MARÍA GRELA FUENTES	3.227	2.550
54	15024A023005520000HP	DOSINDA GRELA FUENTES	3.786	3.366
55	15024A023005510000HQ	JOSEFA GRELA FUENTES	2.752	1.930
56	15024A023000290000HW	ÁNGELA BELLO CASTRO	5.858	5.002
56A		MANUEL LÓPEZ LÓPEZ		1.071
57	15024A023006060000HA	JOSÉ BOQUETE RIVEIRO	23.212	22.913
58	15024A023004480000HB	CARMEN DOCAMPO RÍOS	3.142	3.334
59	15024A023004470000HA	JOSEFA DOCAMPO RÍOS	3.143	3.353
60	15024A023005330000HI	JULIA DOCAMPO RÍOS	1.494	1.505
61	15024A023004460000HW	CONSTANTINO DOCAMPO FRAGA	3.232	3.474
62	15024A023004060000HE	MANUEL BESTILLEIRO FUENTES	8.833	8.656
63	15024A023005120000HA	ANTONIO RICO FUENTES	1.930	1.968
64	15024A023004510000HB	CONSTANTINO DOCAMPO FRAGA	1.812	1.830
65	15024A023005130000HB	JULIO DOCAMPO RÍOS	1.910	2.035
66	15024A023005300000HR	JULIA DOCAMPO RÍOS	1.800	1.836
67	15024A023004500000HA	JOSEFA DOCAMPO RÍOS	1.949	1.874
68	15024A023005310000HD	DOLORES DOCAMPO RÍOS	1.639	1.615
69	15024A023005320000HX	HERDEIROS DE LUÍS DOCAMPO VILLAMISAR	1.760	1.678
70	15024A023004490000HY	CARMEN DOCAMPO RÍOS	1.819	1.866
71	15024A023006070000HB	DORINDA RÍOS CAMPOS	10.681	10.915
72	15024A023006080000HY	ANTONIO BESTILLEIRO DOCAMPO	4.678	5.012
73	15024A023000840000HD	MANUELA ESTHER DOCAMPO CASTRO	4.181	3.686
74	15024A023006020000HZ	MARÍA INÉS DOCAMPO CASTRO	4.152	4.042
75	15024A023000830000HR	MANUELA ESTHER DOCAMPO CASTRO	1.576	1.492
76	15024A023000850000HX	MARÍA TAVIAIO DOCAMPO	6.646	7.282
77	15024A023000860000HI	EUGENIA CASTRO DOCAMPO	5.969	3.136
78	15024A023000870000HJ	AMELIA DOCAMPO BELLO	4.362	4.631
79	15024A023000880000HE	JOSÉ ANTONIO TASENDE DOCAMPO	3.688	3.934

## PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

NÚMERO	REFERENCIA CATASTRAL	TITULAR	SUPERFICIE CATASTRAL (m <sup>2</sup> )	SUPERFICIE AFECTADA (m <sup>2</sup> )
80	15024A023003620000HL	JOSEFA DOCAMPO RODRÍGUEZ	790	1.369
81	15024A023005230000HF	JOSE BOQUETE LIÑARES Y CELESTINO LIÑARES CASTRO	19.635	10.959
82	15024A023006090000HG	MARÍA FRAGA FRAGA	14.028	14.650
83	15024A023008200000HK	MARÍA FRAGA FRAGA	8.618	8.926
84	15024A023006130000HQ	HERDEIROS DE ANTONIO GRELA REY	2.146	2.168
85	15024A023005770000HB	ELADIO GRELA FUENTES	1.816	1.003
86	15024A023006120000HG	AURIA GRELA REY	3.785	4.017
87	15024A023005780000HY	MANUEL GRELA FUENTES	4.125	1.592
88	15024A023006110000HY	ANTONIO GRELA REY	4.484	5.008
89	15024A023006100000HB	MARÍA GRELA REY	6.405	5.777
90		DESCOÑECIDO	5.045	3.679
91	15024A023002490000HZ	ANTONIO DOCAMPO BELLO	1.131	29
92	15024A023005650000HI	MANUEL BESTILLEIRO SANCHEZ	10.301	62
93	15024A023002260000HY	MARIA DOCAMPO BOUZAS	3.091	898
94	15024A023090060000HO	VÍA DE COMUNICACIÓN DE D.P.	3.628	90
95	15024A023090100000HK	VÍA DE COMUNICACIÓN DE D.P.	4.739	2.266
96	15024A005090180000HW	VÍA DE COMUNICACIÓN DE D.P.	1.533	283
97	15024A023090190000HU	VÍA DE COMUNICACIÓN DE D.P.	26.344	1.600
98	15024A00509020000HH	VÍA DE COMUNICACIÓN DE D.P.	6.352	171
99		VÍA DE COMUNICACIÓN DE D.P.		16.856
100		REGATOS DE D.P.		1.255
101	15024A023000070000HL	DESCOÑECIDO	1.298	14
102	15024A005003880000HL	DESCOÑECIDO	17.136	249
103	15024A023005550000HF	DESCOÑECIDO	7.511	13
104	15024A023005560000HM	JOSE CASTRO BOTANA	14.337	155
105	15024A023090120000HD	VÍA DE COMUNICACIÓN DE D.P.	2.688	274
106	15024A031090110000HP	VÍA DE COMUNICACIÓN DE D.P.	9.256	348
107	15024A031090100000HQ	VÍA DE COMUNICACIÓN DE D.P.	32.376	350
108	15024A031090090000HL	VÍA DE COMUNICACIÓN DE D.P.	7.415	198
<b>TOTAL</b>			<b>588.229</b>	<b>420.644</b>

## 5 ORDENACIÓN.

### 5.1 OBXECTIVOS E CRITERIOS DA ORDENACIÓN.

Os obxectivos e criterios da ordenación do PSPEC, parten das directrices e criterios establecidos e sinalados polos responsables técnicos de XESTUR, a partir do que se realizou un estudo pormenorizado do terreo e dos condicionantes que influían no ámbito.

A estes efectos a ordenación urbanística esfórzase, como primeiro obxectivo, por manter e enriquecer os criterios de ordenación sinalados, tratando de integrar e reforzar a presenza e o ambiente así como os elementos existentes e completando a súa estrutura viaria e as conexións tanto coa rede viaria xeral como cos solos industriais contiguos.

O segundo obxectivo pretende conseguir unha trama viaria regular que permita ao mesmo tempo obter o maior número posible de parcelas regulares, cunhas proporcións adecuadas ao uso industrial e terciario ao que se destinen.

O terceiro obxectivo é o de acadar unha implantación topográfica óptima, nun espazo con topografía suave, que debe adaptarse en todo o seu perímetro ás conexións cos solos industriais existentes e en desenvolvemento e coa rede viaria xeral e local que da servizo aos núcleos de poboación existentes.

Os criterios de localización dos sistemas de espazos libres e dotacionais, seguen en liñas xerais e os criterios establecidos, no senso de concentrar os espazos verdes nas zonas que presentan as características ambientais mais salientables, (zona cursos de auga existentes), e así crear zonas que pola súa dimensión teñan unhas características que as fagan funcionalmente útiles para o seu uso público, complementando este sistema dotacional con reserva para equipamentos que recualifican as zonas dotacionais e en xeral a ordenación do solo industrial existente.

Unha vez establecidos os obxectivos de orde xeral, establécense uns obxectivos específicos de protección ambiental, en consonancia cos criterios de sustentabilidade establecidos pola Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, que, dentro do proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica, recolle o "Documento de Referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica do Proxecto sectorial do Parque Empresarial de Cerceda".

#### ❖ COMPATIBILIZAR O PROXECTO SECTORIAL CO CICLO HIDRICO OPTIMIZANDO OS RECURSOS NO MARCO DUN MODELO TERRITORIAL EFICIENTE

- Protexer a rede hidrolóxica establecendo os eidos de protección apropiados de acordo coa lexislación que é de aplicación.
- Previr os riscos naturais relacionados mediante a delimitación das zonas inundables, a rede hidrográficas e o seu contorno.
- Optimizar o consumo de auga mediante a construción de redes de saneamento e abastecemento eficientes.
- Promover o ciclo natural da auga executando por separado as redes de saneamento e recollida de augas pluviais e fomentar a súa volta ao medio natural ou o seu aproveitamento.
- Favorecer a infiltración natural da auga de chuva e o seu retorno ao medio, minimizando a creación de superficies impermeables.

- ❖ MINIMIZAR OS EFECTOS DO PROXECTO SOBRE A CALIDADE DO AIRE E O CAMBIO CLIMÁTICO
  - Diseñar áreas compactas con menores necesidades de transporte e de consumo enerxético e con densidade suficiente para facer viables os sistemas de transporte público.
  - Implantar criterios de sustentabilidade e eco-eficiencia (orientación, configuración arquitectónica, regulación de materias, illamentos, etc.) nas planificacións e deseño das novas edificacións.
  - Estudar as posibles fontes de contaminación atmosférica e establecer medidas para reducir as emisións.
  - Regular as características técnicas do alumbeado público para reducir o consumo enerxético e minimizar a contaminación lumínica.
  - Planificar a estrutura viaria tendo en conta a circulación do tráfico pesado e as afeccións a poboación.
  - Ordenar o estacionamento de vehículos para facelo compatible co uso do espazo público.
- ❖ FOMENTAR A MINIMIZACION DE RESIDUOS E A RECICLAXE
  - Contribuír á busca de procesos máis eficientes que aforren recursos e xeren menos residuos empregando como ferramenta básica o diagnóstico territorial integrado na planificación.
  - Implantar a recollida selectiva para todo tipo de residuos.
  - Regular a actividade construtiva co obxectivo de minimizar os impactos dos materiais empregados, fomentar a durabilidade, a reemprego e a reciclaxe.
  - Analizar o sistema de recollida de lixo, inventariar os medios e garantir as dotacións necesarias para unha correcta xestión dos residuos.
  - Fomentar a reciclaxe e a reemprego e facilitar a dispoñibilidade de instalacións adecuadas para o seu depósito e tratamento.
- ❖ CONSERVAR A BIODIVERSIDADE DO TERRITORIO
  - Inventariar e protexer todas as áreas destacables polos seus valores ambientais, paisaxísticos, culturais e produtivos.
  - Introducir criterios de sustentabilidade no deseño dos espazos libres e zonas verdes.
  - Fomentar a conectividade biolóxica mediante a continuidade física da rede de espazos de interese natural.
- ❖ PROTEXER E INTEGRAR A PAISAXE NO PROXECTO
  - Conservar e mellorar a paisaxe en todo o territorio municipal mediante a identificación das unidades de paisaxe e o establecemento de medidas preventivas e correctoras para a súa protección.
  - Inventariar as áreas con máis fragilidade paisaxística e tomar este factor como limitante para aquelas actuacións con impactos significativos.
  - Preservar os valores paisaxísticos de interese, o patrimonio cultural e a identidade municipal.
  - Estudar o impacto paisaxístico de aquelas actuacións que poidan afectar visualmente aos elementos e áreas catalogadas ou protexidas.



## 5.2 DESCRICIÓN XERAL DA SOLUCIÓN ADOPTADA.

A solución adoptada para o deseño de ordenación do PSPEC, parte dos obxectivos e criterios descritos no apartado anterior, para formalizarse tal e como se mostra nos planos de ordenación.

O Parque Empresarial implántase no ámbito delimitado polo ferrocarril no seu vento oeste e a estrada que o circunvala polo sur e este e que comunica a estrada da Deputación AC-2402 e a nova estrada autonómica AC-523.

Nestas inmejorables condicións de accesibilidade, o PSPEC recolle a localización dunha área de actividades capaz de albergar entre outros usos a implantación dun gran parque empresarial, ben localizado en relación á comarca ás áreas actuais de actividade industrial (Polígono Industrial de Acevedo, Centro Loxístico de Transportes de Culleredo, Porto Exterior de A Coruña, Polígonos Industriais de Arteixo).

Esta actuación enmárcase igualmente na estratexia definida polas ampliacións dos parques industriais na comarca e no propio Concello para a diversificación das bases da actividade económica da Comarca e de apoio á Área Metropolitana de A Coruña, consolidando e afianzando a experimentada nos últimos anos, e apoiándose no horizonte da significativa mellora das infraestruturas de comunicacións previstas para o inmediato futuro.

As condicións topográficas e medioambientais, así como as infraestruturas e implantacións industriais contiguas existentes, acotan o desenvolvemento do Proxecto, que se adapta a elas na medida en que poda dar solución ao mesmo tempo aos usos aos que se destinará o solo.

Neste senso e en canto á súa implantación, o PSPEC alcanza unha boa adaptación topográfica, garantindo a compensación de terras durante a fase de urbanización, de tal maneira que non son de esperar sobrantes, coas vantaxes económicas e ambientais que isto trae consigo.

O primeiro criterio para a súa ordenación urbanística diríxese a alcanzar unha xerarquía viaria que garanta a fluidez das comunicacións desde os accesos exteriores.

Organízase así un eixe principal na dirección norleste-sudoeste (Via 1) que vai entre a rotonda no vial de enlace e que comunica a estrada autonómica coa estrada da deputación e a rotonda ubicada no paso da vía ferroviaria.

Este eixe complementase con outros dous paralelos polo noroeste (Vías 2 e 3) que serve de eixes estruturantes.

Con este trazado viario, procúrase obter o maior número posible de parcelas regulares, con cuarteiróns nos que se obteñen parcelas de distinta dimensión, que dotan ao parque de gran versatilidade para acoller distintos usos e actividades, atendendo ao carácter supramunicipal da actuación.

Influencia determinante na configuración viaria e consecuentemente parcelaria ten a presenza do afluente do Río Barcés no ámbito do PSPEC, que discorrendo paralelo á Vía 1 configura a zona verde do PSPEC.

Coa zonificación realizada ofrécense un gran número de parcelas pequenas e medianas susceptibles en todo caso de agregación, e un número menor de parcelas de gran tamaño atendendo á diversificación de usos.

O sistema dotacional do PSPEC, vinculado ao eixe principal concéntrase en dúas grandes zonas, a primeira, coincidindo cos cursos de auga existentes no ámbito, preservando coa ordenación proxectada os leitos públicos e a vexetación autóctona asociada a eles para o seu destino a parque público. A segunda zona dotacional localízase ao sudoeste, no acceso ao PSPEC, ocupando un espazo representativo e de imaxe exterior, cunha pequena zona verde e que complementa e harmoniza o equipamento.

**Cadro Nº11.- Ordenación do PSPEC.**



### 5.3 ACCESOS E REDE VIARIA E APARCADOIROS.

A rede viaria constitúe o primeiro elemento ordenador do PSPEC.

Os accesos ao Parque Empresarial de Cerceda realízanse polo seu borde Este a través de dous rotondas proxectadas sobre a estrada municipal de Mesón do Vento a Cobeláns. Unha das conexións realízase a unha distancia de aproximadamente 440 m do enlace daquela coa AC-2405, ubicado a escasos 500 m da súa conexión coa AC-523, polo que a comunicación con esta vía é inmediata.

Dicha conexión garantirá a inserción do futuro parque dentro da rede viaria existente e en execución, definindo unha clara situación estratéxica respecto ao Porto Exterior de Punta Langosteira, a través da A-6, e ao futuro Centro Loxístico e de Transportes de Culleredo.

O trazado da Rede Viaria do Parque Empresarial represéntase nos Planos de Trazado. No plano 2.4.1 represéntase o trazado en planta dos eixes dos viais a escala 1:3.000 e no plano 2.4.3 os Perfís Lonxitudinais dos eixes a escala horizontal 1:1.000 e vertical 1:200.

O esquema do viario proxéctase de xeito que se axusta o mais posible ós seguintes condicionantes:

- Integrar a rede viaria do Parque Empresarial coa rede de estradas existentes na zona de implantación.
- Adaptarse á parcelación resultante da demanda existente e prevista, en base a experiencias similares neste campo.
- Conseguir que os servizos de saneamento de augas residuais e de drenaxe de augas pluviais, nos que o seu trazado coincide co dos viais, desemboquen nos lugares mais adecuados posibles para a súa conexión cos sistemas xerais da zona.
- Tratar de acadar un movemento de terras, tanto de viais como de parcelas, o mais equilibrado posible.
- Conexión dos viais do Parque coa rede de camiños existente.
- Chegar, por último, a un mínimo de desenrolo dos viais, cumprindo os condicionantes anteriores.

A solución prevista, resultado de varias tentativas previas, cumpre, en xeral, con todo os condicionantes mencionados.

A rede viaria prevíuse para funcionar con dous sentidos de circulación en todos os viais. Os radios mínimos dos viais en planta, rotonda e interseccións cumpren coas “Recomendacións para el Proyecto de Intersecciones” de la Dirección General de Carreteras, para o caso de vehículos articulados.

O desenvolvemento da ordenación garantirá as distintas conexións viarias necesarias para o bo funcionamento do eido conforme ao seu desenrolo e xestión.

De acordo con todo isto, o esquema viario proposto artículase en función das directrices xerais que a continuación se describen:

- Os accesos ao Parque Empresarial realízanse polo seu borde Este a través de dúas rotondas proxectadas sobre a estrada municipal de Mesón do Vento ao Polígono de Acevedo por Cobeláns. Unha das conexións realízase a unha distancia de aproximadamente 440 m do enlace daquela estrada coa AC-2405, situado a escasos 500 m da súa conexión coa AC-523, co que a comunicación con esta vía é inmediata.
- No interior do eido, propónse un eixe principal (Eixe 1) con dirección Nordés - Sudoeste, aproximadamente paralelo á estrada municipal a través da que se realiza a entrada ao Parque e a unha distancia suficiente dela, de modo que permita a disposición de parcelas na súa marxe esquerda. Este vial inicia e remata o seu trazado nas dúas rotondas de acceso ao Parque.
- Perpendicular e paralelamente ao eixe principal dispónse dous viais secundarios que organizan o interior do

parque en catro zonas.

- Co propósito de non interromper as condicións de uso dos terreos limítrofes co Parque, mantense os itinerarios peonís existentes a través do viario do Parque, suprimindo o obstáculo que este suporía para as aglomeracións de poboación situadas ao Norte e ao Sur do eido.

Deste xeito, os eidos dos arredores situados no exterior quedan perfectamente servidos pola rede de camiños existentes e previstos que figuran nas Plantas de Trazado, así como a través dos distintos viais do Parque.

A estrutura da demanda de solo empresarial, implica a construción de viais compatibles con vehículos para transportes especiais, articulados e tráilers. Por isto, para este tipo de esixencias, a pendente máxima admisible será do 6 %, e os radios mínimos de xiro de 20 m, evitando na medida do posible, os fondos de saco.

Como resultado, defínense os eixes seguintes (a definición detallada do sistema viario, así como as seccións de cada eixe e bandas de aparcadoiro indícanse no plano 2.4. Trazado):

- Eixe 1: Constitúe o Vial de acceso principal ao Parque dende as rotondas de entrada a través da estrada municipal a Cobelans. Eixe cunha única calzada cun carril por sentido, aparcadoiro en liña e beirarrúas a ambos lados.
- Eixe 2: Vial perimetral de distribución principal do tráfico polo interior do Parque. Eixe cunha única calzada cun carril por sentido, e bandas de aparcadoiros en liña e beirarrúas a ambos lados.
- Eixe 3: Paralelo ao Eixe 1 cunha única calzada cun carril por sentido, bandas de aparcadoiros en liña e beirarrúas a ambos lados.

O conxunto da rede peonil represéntase nos planos de Trazado, e está formada por:

- Beirarrúas de 3,00 metros de anchura ao longo dos viais.
- Camiños peonís de 4,00 metros de ancho que en relación co viario do Parque permitan manter os percorridos existentes.

#### **5.4 ORGANIZACIÓN PARCELARIA E USOS.**

A organización parcelaria constitúe o segundo elemento xerador da ordenación do PSPEC. A proposta de intervención que se inclúe, sen ser vinculante, supón unha primeira aproximación a parcelación básica que resulta da aplicación das ordenanzas.

#### **5.5 XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DO APROVEITAMENTO DE SECTOR.**

En aplicación do artigo 5.2º.-) do RPPS, as dotacións e instalacións que impliquen a transformación urbanística do solo rústico e o seu conseqüente cambio de clasificación deberán cumprir os estándares de reservas mínimas para zonas verdes e aparcadoiros que se establecen no artigo 47º.-) da LOUGA para o solo urbanizable de uso industrial. A maior abundamento cabe indicar que por aplicación do artigo 108.5º.-) da LOUG os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, aprobados ao amparo da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, que impliquen a urbanización ou transformación urbanística do solo deberán cumprir os límites de sostibilidade e as reservas mínimas para dotacións públicas establecidos para o solo urbanizable pola presente lei, garantindo en todo momento o equilibrio na estrutura territorial das dotacións e equipamentos públicos.

##### **5.5.1 Zonificación.**

O eido de actuación do PSPEC, (incluídos os solos rústicos) ten unha superficie total de 420.643,79 m<sup>2</sup>. Foi dividido nas zonas grafiadas no Plano Nº V.2 "Zonificación", cuxa distribución de superficies está contida nas Táboa Nº 9 e 10 seguintes.

**Táboa Nº 9.- Distribución de superficies do solo urbanizable.**

SOLO	ZONAS	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> )	PORCENTAXE (%)
URBANIZABLE	<b>PRIVADAS</b>		
	O-1.1: Industrial.	133.534,39	34,51
	O-1.2: Mixto (Industrial-Terciario)	97.632,92	25,23
	<b>TOTAL ZONAS PRIVADAS</b>	<b>231.167,31</b>	<b>59,73</b>
	<b>PÚBLICAS</b>		
	O-2: Zonas verdes e espazos libres computables.	81.912,84	21,17
	O-2: Zonas verdes e espazos libres non computables.	10.470,41	2,71
	O-3 : Equipamentos.	8.486,38	2,19
	O-4: Viario rodado	49.464,08	12,78
	O-4: Praia de aparcadoiros	2.316,63	0,60
O-5: Viario peonil e tráfico restrinxido.	1.489,30	0,38	
O-6: Infraestrutura de servizos.	1.689,56	0,44	
<b>TOTAL ZONAS PÚBLICAS</b>	<b>155.829,20</b>	<b>40,27</b>	
<b>TOTAL</b>	<b>386.996,51</b>	<b>100,00</b>	

**Táboa Nº 10.- Distribución de superficies do solo rústico de protección de infraestruturas.**

SOLO	ZONAS	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> )	PORCENTAXE (%)
SOLO R.P. DE INFRAESTRUTURAS	<b>PÚBLICAS</b>		
	O-2: Zonas verdes e espazos libres non computables.	29.309,12	87,11
	O-4: Viario rodado	4.338,16	12,89
<b>TOTAL</b>	<b>33.647,28</b>	<b>100,00</b>	

### 5.5.2 Aproveitamento.

O Art. 46.5º.-) da LOUG non permite unha ocupación do terreo polas edificacións superior ás dúas terceiras partes da superficie do eido.

No sector obxecto do presente Proxecto Sectorial a superficie de solo urbanizable é de 386.996,51 m<sup>2</sup>, correspondéndolle unha ocupación máxima por edificacións de 386.996,51 m<sup>2</sup> x 2/3 = 257.997,67 m<sup>2</sup>.

En función das zonas en que se dividiu o PSPEC, e tendo en conta as posibilidades máximas de edificación que se desprende dos retranqueos grafados no Plano Nº V.3 “Parcelario Indicativo” a distribución de ocupacións máximas sería a que se mostra na Táboa Nº 11 seguinte:

**Táboa Nº 11.- Distribucións das ocupacións no eido do PSPEC.**

SOLO	ZONAS	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> )	S. OCUPADA (m <sup>2</sup> )
URBANIZABLE	<b>PRIVADAS</b>		
	O-1.1: Industrial.	133.534,39	93.474,07
	O-1.2: Mixto (Industrial-Terciario)	97.632,92	68.343,04
	<b>TOTAL ZONAS PRIVADAS</b>	<b>231.167,31</b>	<b>161.817,12</b>
	<b>PÚBLICAS</b>		
	O-2: Zonas verdes e espazos libres computables.	81.912,84	-
	O-2: Zonas verdes e espazos libres non computables.	10.470,41	-
	O-3 : Equipamentos.	8.486,38	5.940,47
	O-4: Viario rodado.	49.464,08	-
	O-4: Praia de aparcadoiros	2.316,63	-
	O-5 : Viario peonil e tráfico restrinxido.	1.489,30	-
	O-6: Infraestrutura de servizos.	1.689,56	270,00
	<b>TOTAL ZONAS PÚBLICAS</b>	<b>155.829,20</b>	<b>6.210,47</b>
<b>TOTAL</b>	<b>386.996,51</b>	<b>168.027,58</b>	

Respectase a ocupación máxima de dous tercios da superficie do eido, o que implica unha ocupación sobre a superficie de uso privado do 70,00 %.

Para o seu destino como oficinas, salas de reunión, exposicións, etc..., para o cálculo da edificabilidade do sector pártese do dato obtido da superficie ocupada máxima, a que se incrementará arredor do 40% alcanzándose unha edificabilidade bruta do PSPEC de 0,60 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>, cuxa distribución por zonas está contida na Táboa Nº 12 seguinte, na que tamén efectuouse o cálculo do aproveitamento tipo.

En relación co cálculo do aproveitamento tipo e co coeficiente de ponderación estableceuse un único coeficiente de ponderación, xa que os usos, tipoloxías e edificabilidades son semellantes no eido.

Táboa Nº 12.- Aproveitamento tipo.

SOLO	EIDO	SUPERFICIE TOTAL (m <sup>2</sup> )	EDIFICABILIDADE (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	SUP. EDIFIC. (m <sup>2</sup> )	COEFICIENTE DE PONDERACIÓN	APROV. LUCRAT. EN USO E TIPOL CARACT.(UA)	APROV. TIPO (UA/m <sup>2</sup> )
URBANIZABLE	<b>Zonas Privadas.</b>						
	O-1.1 – Industrial	133.534,39	1,00	133.534,39	1	133.534,39	--
	O-1.2 – Mixto (Industrial-Terciario)	97.632,92	1,00	97.632,92	1	97.632,92	--
	<b>Total Z. privadas</b>	<b>231.167,31</b>	<b>1,00</b>	<b>231.167,31</b>	<b>1</b>	<b>231.167,31</b>	<b>--</b>
	<b>Zonas Públicas.</b>						
	O-2 – Zonas Verdes e espazos libres	92.383,25	---	--	--	--	--
	O-3 – Equipamento	8.486,38	---(1)	--	--	--	--
	O-4 – Viario rodado y praia de apacadoiros	51.780,71	---	--	--	--	--
	O-5 – Viario peonil e tráfico restrinxido	1.489,30	---	--	--	--	--
	O-6 – Infraestrutura de servizos	1.689,56	---	--	--	--	--
<b>Total Z. públicas</b>	<b>155.829,20</b>	<b>--- (1)</b>	<b>--</b>	<b>--</b>	<b>--</b>	<b>--</b>	
<b>TOTAL URBANIZABLE</b>	<b>386.996,51</b>	<b>0,60</b>	<b>231.167,31</b>	<b>1</b>	<b>231.167,31</b>		
<b>RÚSTICO</b>	<b>TOTAL RÚSTICO</b>	<b>33.647,28</b>					
<b>TOTAL EIDO</b>		<b>420.643,79</b>					<b>0,5496</b>

(1)O equipamento non computa a efectos do cálculo do aproveitamento tipo, por ser de cesión e non constituír un uso lucrativo

## 5.6 XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS RESERVAS DO SOLO PARA DOTACIÓNS.

### 5.6.1 Reserva de solo para o sistema de espazos libres públicos.

#### a) RESERVAS DE SOLO ESTABLECIDAS LEGALMENTE:

De acordo co establecido no Art. 47.2.a.-) da LOUG, a reserva de solo con destino ó sistema de espazos libres e zonas verdes en eidos de uso terciario ou industrial, non será inferior ó 10 % da superficie total do eido.

#### b) RESERVAS DE SOLO ESTABLECIDAS NO PSPEC.

- Sistema Xeral de espazos libres e zonas verdes.

O Art. 47º.-) da LOUG non prevé reservas de espazos libres e zonas verdes do sistema xeral en eidos de uso industrial ou terciario.

- Sistema de espazos libres públicos de carácter local.

O Art. 47.2º.-) da LOUG establece en eidos de uso industrial ou terciario unha reserva para o sistema de espazos libres públicos de carácter local que non será inferior ó 10 % da superficie total do eido.

De acordo cos datos contados na Táboa Nº 9, a superficie destinada polo PSPEC a espazos libres públicos de carácter local é de 81.912,84 m<sup>2</sup>, o que representa o 21,17 % que é mais do 10 % da superficie total do Proxecto Sectorial (386.996,51 m<sup>2</sup>), cumprindo coas esixencias legais.

### 5.6.2 Reservas de solo para o sistema de equipamentos.

#### a) RESERVAS DE SOLO ESTABLECIDAS LEGALMENTE.

De acordo co establecido no Art. 47.2º.b.-) da LOUG, a reserva de solo con destino a equipamentos públicos en eidos de solo terciario ou industrial, non será inferior ó 2 % da superficie total do eido.

#### b) RESERVAS DE SOLO ESTABLECIDAS NO PSPEC.

De acordo cos datos contados na Táboa Nº 9, a superficie destinada polo PSPEC ao sistema de equipamentos públicos é de 8.486,38 m<sup>2</sup>, o que representa o 2,19 % da superficie total do eido (386.996,51 m<sup>2</sup>).

Dita superficie cumpre coas reservas establecidas legalmente.

### 5.6.3 Reserva de solo para aparcadoiros de vehículos.

#### a) RESERVAS DE SOLO ESTABLECIDAS LEGALMENTE.

De acordo co establecido no Art. 47.2º.c.-) da LOUG, a reserva de solo con destino a aparcadoiro será a seguinte:

- En eidos de uso industrial unha praza por cada 100 m<sup>2</sup> edificables, das que como mínimo a cuarta parte serán de dominio público.
- En eidos de uso terciaria dúas praza por cada 100 m<sup>2</sup> edificables, das que como mínimo a quinta parte serán de dominio público.

#### b) RESERVAS DE PRAZAS ESTABLECIDAS NO PSPEC.

As prazas de aparcadoiro esixidas legalmente, repártense entre a rede viaria (aparcadoiro público) e as parcelas privadas (aparcadoiros privados).



**b-1) PRAZAS DE APARCADOIRO MÍNIMAS.**

Aplicando as determinacións contidas no Art. 47.2º.c.-) da LOUG, resultan as seguintes prazas de aparcadoiro mínimas:

- o Superficie máxima edificable:

Superficie máxima edificable (Uso industrial): 133.534,39 m<sup>2</sup>

Superficie máxima edificable (Uso terciario): 97.632,92 m<sup>2</sup>

- o Nº mínimo de prazas de aparcadoiro.

En Uso Industrial: 133.534,39 m<sup>2</sup> x 1 praza/100 m<sup>2</sup> = 1.335 prazas de aparcadoiro, das que como mínimo 334 serán de dominio público.

En Uso Terciario: 97.632,92 m<sup>2</sup> x 2 praza/100 m<sup>2</sup> = 1.953 prazas de aparcadoiro, das que como mínimo 391 serán de dominio público.

Total: 3.288 prazas de aparcadoiro, das que como mínimo 725 prazas serán de dominio público.

**b-2) RESERVAS DE PRAZAS DE APARCADOIRO ESTABLECIDAS NO PSPEC.**

A dotación de prazas de aparcadoiro públicas, localízanse nas marxes dos viarios do sector. No viario estableceuse aparcadoiro en fila en todos os viarios.

As prazas de aparcadoiro establecidas teñen unha dimensión de 2,50 m x 5,00 m.

Tendo en conta que resulta necesario dispoñer de acceso rodado as parcelas, tomouse o criterio de prescindir na fronte de cada parcela dunha praza de aparcadoiro o tratarse de aparcadoiros en fila conseguindo deste xeito accesos as parcelas de 5 metros de anchura.

Estimando que, de acordo co plano parcelario, poden dispoñerse de aproximadamente 62 accesos a parcelas, a capacidade definitiva de prazas de aparcadoiro no viario sería a seguinte: Prazas de aparcadoiro en viario 753 prazas mais as prazas da praia de aparcadoiro fan un total de 851 prazas, a deducir accesos a parcelas: 62 prazas, son total 789 prazas.

**b-3) TOTAL DE PRAZAS DE APARCADOIRO.**

O número total de prazas de aparcadoiro públicas establecidas é de 789 prazas que supera as mínimas establecidas legalmente.

Do total de prazas de aparcadoiro un 2 %, como mínimo, destinaranse a usuarios de mobilidade reducida e terán unha superficie rectangular mínima de 3,50 m x 5 m.

A distribución de prazas de aparcadoiro no eido, de acordo co Plano Nº V.2 de "Zonificación", é a establecida na Táboa Nº 13 seguinte:

Táboa Nº 13.- Distribución de prazas de aparcadoiro.

MAZÁ	VIAL	Nº DE PRAZAS	PRAZAS A DEDUCIR POR ACCESOS	TOTAL PRAZAS
M-1	V-1	164	14	150
	V-4	-	-	-
	V-5	-	-	-
	P-1	-	-	-
M-2	SG-1	13	-	13
	V-2	79	10	69
	V-5	-	-	-
	P-2	-	-	-
	P-4	-	-	-
	AP-1	98	-	98
M-3	V-1	78	-	78
	V-2	39	1	38
	V-3	68	13	55
M-4	V-2	90	9	81
	V-3	63	11	52
M-5	V-1	91	5	86
	V-2	68	11	57
	P-3	-	-	-
<b>TOTAL</b>		<b>851</b>	<b>74</b>	<b>777</b>

Tendo en conta que o viario acolle 777 prazas de aparcadoiro de las 3.288 necesarias, nas parcelas privadas deberán reservarse as 2.511 prazas restantes, o que supón que no interior das parcelas deberán reservarse nos proxectos de edificación  $231.167,31 \text{ m}^2 / 2.511 \text{ prazas} =$  unha praza de aparcadoiro por cada  $92 \text{ m}^2$  edificables.

As prazas de aparcadoiro establecidas terán unha dimensión de  $2,50 \text{ m} \times 5,00 \text{ m}$ .

## 5.7 INFRAESTRUTURAS.

### 5.7.1 Infraestruturas internas no Parque Empresarial de Cerceda

#### 5.7.1.1 Rede de abastecemento de auga potable e rego.

Como valor de partida adóptase un consumo medio diario de 0,5 l/s.hectárea.

A partir desta premisa, considerando as distintas superficies contempladas no Parque Empresarial, dedúcense os caudais de deseño.

É preciso mencionar que para a estimación do caudal medio computa a superficie total do Parque. En cambio, para o cálculo do caudal punta, utilizarase a dotación de 0,5 l/s, pero aplicada exclusivamente á superficie das parcelas, cun factor punta de 3.

